

XUNTA DE GOBERNO  
Sesión do día 28 de xaneiro de 2022  
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día vinte e oito de xaneiro do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.31186.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 24 de xaneiro de 2022.

2.31187.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A CAÑIZA NO PLAN CONCELLOS 2022-2023- LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE A CAÑIZA DO INVESTIMENTO “REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA PISCINA MUNICIPAL DE A CAÑIZA” (PROGRAMA REACPON) (Expte. 2022001119)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das “*Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023*”, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrència non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942-0425-762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.



En data 13/01/2022 asinouse o Convenio de Colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o *Concello de A Cañiza*, aprobado por acordo plenario núm. 4.7719 en sesión extraordinaria do 17/12/2021, para levar a cabo a actuación “*Rehabilitación enerxética da piscina municipal de A Cañiza*”- (exp: 2021039818) no marco do programa REACPON, cun orzamento que importa 689.048,95 euros, aportando a Deputación de Pontevedra para a súa financiación unha subvención de 500.776,16 euros, sendo a achega municipal de 188.272,79 euros, tal é como establece a seguinte táboa:

DEPUTACION DE PONTEVEDRA	500.776,16 €
CONCELLO DE A CAÑIZA (achega municipal)	188.272,79 €
TOTAL	689.048,95 €

No convenio establécese que para facer efectiva a aportación municipal de 188.272,79 euros o concello poderá financiarse con outro tipo de axudas que a entidade local poida obter.

Neste contexto, en data 05/01/2022, emendado en data 13/01/2022, o *Concello de A Cañiza*, acolléndose ao establecido nas bases 1ª e 8ª.1.5 das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2022-2023, que permite ás entidades municipais destinar parte ou a totalidade da cantidade asignada na LIÑA 1 ao financiamento das achegas municipais para investimentos acollidos noutros plans, programas ou convenios da propia Deputación ou doutras administracións cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal, solicita formalmente e en prazo, unha subvención por importe de 188.272,79 euros, con destino ao financiamento da achega municipal ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o *Concello de A Cañiza* para a execución da actuación denominada “*REHABILITACION ENERXETICA DA PISCINA MUNICIPAL DE A CAÑIZA*”, sendo o orzamento de 689.048,95 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas -€
2022	689.048,95	188.272,79	500.776,16 (Deputación)

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, precisando que a execución e a xustificación deste investimento suxeitarase as normas do plan que se co-financia coa achega a cargo do POS 2022-2023, sendo aquel plan o “*Plan de Infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación Post-Covid-19, Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia)*”.

Fundamentación xurídica:

I.- normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril por el que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## II.- Consideracións xurídicas:

### Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

#### Resolución do expediente:

- Artigo 19 LXS que sinala que a normativa reguladora da subvención poderá exixir un importe de financiación propia para cubrir a actividade subvencionada.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 40 do TRLRFL no que se establece que as subvencións de toda índole que obteñan as Entidades Locais con destino as súas obras e servizos non poderán ser aplicadas a atencións distintos de aquelas para as que foron outorgadas, salvo que, no seu caso, os sobrantes non reintegrables cuxa utilización non estivese prevista na concesión.
- Artigo 181 do TRLRFL que sinala que poderán xerar crédito nos estados de gastos dos orzamentos, na forma que regulamentariamente se estableza, os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións; a) aportacións ou compromisos firmes de aportación de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente coa entidade local ou con algún dos seus organismos autónomos, gastos que pola súa natureza están comprendidos nos seus fins ou obxectivos.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Artigo 30 do RD 500/1990, en atención ao cal os créditos consignados no Orzamento de gastos, así como os procedentes das modificacións orzamentarias, con carácter xeral, en calquera das tres situacións seguintes: a) créditos dispoñibles; b) créditos retidos pendentes de utilización; c) créditos non dispoñibles.



- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.

De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.

O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Parte dispositiva:

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 17/01/2022, e da xefa do



servizo de Cooperación de data 17/01/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial, de data 20/01/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A Cañiza*, CIF P3600900I a cantidade de 188.272,79 € con destino ao financiamento da achega municipal ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o *Concello de A Cañiza* para a execución da actuación denominada “*Rehabilitación enerxética da piscina municipal de A Cañiza*” (exp:2022001119) cun orzamento que ascende a 689.048,95€, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas -€
2022	689.048,95	188.272,79	500.776,16 (Deputación)

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención, xerárase crédito na aplicación orzamentaria correspondente do Programa Reacon e realizaranse as oportunas operacións de formalización.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A execución e xustificación deste investimento rexerá polas normas do plan que se co-financia, “Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia) aprobado por acordo plenario núm. 7.7624 de 28/05/2021 (BOPPO nº 102 do 01/06/2021) sen que en ningún caso poida exceder dos prazos que se recollen na Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Así mesmo, de acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de A Cañiza*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



3.31188.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE ARBO AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (Expte.2022000905)

En relación á aprobación da concesión dunha subvención ó *Concello de Arbo*, con CIF núm. P3600100F, correspondente á liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais), ó abeiro do disposto nas bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, emito o seguinte informe:

Antecedentes:

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 26/11/2021, punto núm. 9.7707 aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023” que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2020 (último vixente na data de aprobación das bases).

As bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos na base Oitava: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos, así como os contratos de consultoría e asistencia técnica, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos, etc.) e liña 3 (emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais).

As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.

As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 230 de 27/11/2021 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 230, do 27/11/2021.

De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. Da contía individual asignada a cada concello, destinarase unha porcentaxe mínima do 70,93 % sobre a contía asignada á liña 1, ata un máximo dun 6,98% destinarase ao financiamento da liña 2 e un máximo do 22,09 % ao





financiamento da liña 3. Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas das liñas 2 e 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar das liñas 2 e/ou 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.

Mediante Resolución Presidencial de 03/12/2021, núm. 2021007177 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.

O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.

De conformidade coa base Oitava apartado 8.3, con cargo á Liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.

Ao abeiro da Liña 3 do Plan Concellos 2022-2023, recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DE ARBO				
Data de presentación:		21/12/2021 (registro WEB2022049359)		
Data de emenda da solicitude:		19/01/2022 (registro WEB2022001900)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
13	<i>2 peóns mantedores/as de edificios, 2 peóns de horticultura-xardinería, 3 peóns forestais, 2 peóns de conservación de parques urbanos, 2 operarios/as de conducción de vehículos e manexo maquinaria agraria e 2 axudantes de tarefas de axuda no fogar en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses</i>	98.588,88 €	2.414,88 €	96.174,00 €



Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítase informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.

A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo de 22,09% da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2022/942.9425.462.03 (Plan Concellos 2022-2023 - Liña 3: Emprego) do vixente Orzamento Provincial existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE ARBO	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	97.065,72 €

Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 rexeranse polas súas Bases reguladoras aprobadas en sesión plenaria do 26/11/2021, punto núm. 1.7538, e publicadas no BOPPO núm. 230 do 27/11/2021.
- Con todo, para o non previsto nelas, resultan de aplicación supletoria a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS), a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDEPO) e as restantes normas de dereito administrativo, e aplicaranse, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Novena do Plan Concellos 2022-2023 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Sexta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.



## II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

## III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Bases Oitava e Décimo Segunda dentro da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en



vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

- Bases Quinta e Sexta do Plan Concellos 2022-2023, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

#### CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a porcentaxe máxima da liña 3 segundo o disposto na base Quinta (22,09 % da cantidade total asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Vixésimo Primeira e, especificamente o seu apartado 21.3.3. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Vixésimo Primeira e tendo en conta o disposto na base Décimo Oitava en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.



Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación **INFORMA FAVORABLEMENTE** o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do **PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 - LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS** e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Arbo (P3600100F)	13	<i>2 peóns mantedores/as de edificios, 2 peóns de horticultura-xardinería, 3 peóns forestais, 2 peóns de conservación de parques urbanos, 2 operarios/as de condución de vehículos e manexo maquinaria agraria e 2 axudantes de tarefas de axuda no fogar en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses</i>	96.174,00 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16<sup>a</sup>.2<sup>a</sup> c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación e do informe de Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello de Arbo* (CIF P3600100F) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 - Liña 3: Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe concedido
Arbo (P3600100F)	13	<i>2 peóns mantedores/as de edificios, 2 peóns de horticultura-xardinería, 3 peóns forestais, 2 peóns de conservación de parques urbanos, 2 operarios/as de condución de vehículos e manexo maquinaria agraria e 2 axudantes de tarefas de axuda no fogar en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses</i>	96.174,00 €



Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego, sen prexuízo das convocatorias públicas que o Concello poida levar a cabo, entre persoas desempregadas e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, especificamente a base Oitava, no referente á liña 3 (base 8.3).
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses.
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Décimo Sétima para o caso das subvencións outorgadas no marco da Liña 3 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2022,. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobranse á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
  - o 50% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.



- 50% restante ó finalizar a metade do prazo de duración do contrato, previa achega de documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente sobre a continuidade da actividade, no que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin do contrato.
  
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
  - Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
  - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
  - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberán concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
  - Acreditación da publicidade do financiamento pola Deputación de Pontevedra do obxecto da subvención de conformidade coas bases reguladoras do plan. A publicidade débese facer mediante anuncios na táboa de edictos, na páxina web do concello ou na prensa local nos que se indique o financiamento da Deputación. En todo caso, o concello deberá facer referencia expresa a que se trata de contratos financiados pola Deputación de Pontevedra, ao abeiro deste plan, tanto nos anuncios da convocatoria dos procesos selectivos coma en todas as comunicacións e publicacións que se realicen por conta do concello, sexan estas internas ou externas. No caso de que as persoas usen equipos de protección individual ou roupa de traballo uniformada deberase incluír o logotipo da Deputación, xa sexa mediante un bordado, impresión dixital ou serigrafía, que irá colocado na parte superior da uniformidade e sempre ben visible na zona dianteira sobre o peito e na parte do lombo cubrirá a anchura da parte superior. No anexo II das bases reguladoras recóllense as instrucións que con respecto á publicidade deben cumprir os investimentos e actuacións incluídas no plan. O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.
  - Asemade, a máis tardar no momento da xustificación final, de conformidade co establecido na Base Oitava, apartado 8.3, deberase acreditar que as contratacións que se efectúen responden a necesidades de persoal urxentes e inaprazables, é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia.



- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

4.31189.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CANGAS NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 2 (ANUALIDADE 2022) CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN “TRATAMIENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS” (Expte.2022003297)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña as aplicacións 22/942.9425.762.46 e 22/942.9425.462.45 (Plan Concellos 2022-23, Liña 2\_Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes) dotada con 1.500.000,00 euros, e 22/942.9425.462.00 (Plan Concellos 2022-23, Liña 2. Gastos derivados da realización de actos culturais deportivos, sociais, educativos, etc) tamén con 1.500.000,00 euros, do vixente Orzamento Provincial existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á





detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 2 é de amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acreedores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos, así como os contratos de consultoría e asistencia técnica, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos ou turísticos.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 21/01/22 por rexistro web2022002307, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de Cangas na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 78.625,56 euros, con destino ao financiamento “*TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS*”, cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	78.625,56€	78.625,56€	0,00€

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida.



## Fundamentación xurídica:

### I.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

### II.- Consideracións xurídicas:

#### Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.



Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborarse unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.



#### Conclusións:

A solicitude do concello de Cangas relativa ao financiamento do investimento “TRATAMIENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS” foi presentada dentro do prazo recollido na convocatoria do Plan Concellos 2022-2023, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 78.625,56 euros, cun orzamento polo mesmo importe.

Visto que o obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base 8ª da LIÑA 2 – amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acreedores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos, así como os contratos de consultoría e asistencia técnica, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos ou turísticos.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE o expediente do concello de Cangas e PROPOÑO que lle sexa concedida unha subvención por importe de 78.625,56 euros con destino ao financiamento do investimento “TRATAMIENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS” (Expte,- 2022003297) cun orzamento polo mesmo importe.

A concesión da subvención realizarase contra a aplicación 22/942.9425.462.45 do orzamento provincial para o vixente exercicio.

#### Rexime competencial:

En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 63 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, correspóndelle á Xunta de Goberno.

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

Vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación de data 24/01/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial de data 25/01/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cangas*, CIF.:P3600800A, a cantidade de 78.625,56 €, con destino ao financiamento da actuación “TRATAMIENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS”, cun orzamento polo mesmo importe, no marco do Plan Concellos 2022\_Liña 2.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.



- Asemade, ao abeiro da base vixésimo primeira do Plan Concellos 2022, a subvención concedida deberá de estar xustificada na súa totalidade a 31/03/2023. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Cangas*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.31190.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CATOIRA NO PLAN CONCELLOS 2022-2023-LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CATOIRA DO INVESTIMENTO “REHABILITACIÓN ANTIGA CASA CONSISTORIAL PARA CASA DAS ARTES” (PROGRAMA REACPON) (Expte. 2022001689)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942-0425-762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.



O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 11/01/2022 asinouse o Convenio de Colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Catoira, aprobado por acordo plenario núm. 4.7719 en sesión extraordinaria do 17/12/2021, para levar a cabo a actuación “REHABILITACION ANTIGA CASA CONSISTORIAL PARA CASA DAS ARTES” no marco do programa REACPON (exp: 2021039982), cun orzamento de 449.248,80 euros, aportando a Deputación de Pontevedra para a súa financiación unha subvención de 381.851,13 euros, sendo a achega municipal de 67.397,67 euros, tal é como establece a seguinte táboa:

DEPUTACION DE PONTEVEDRA	381.851,13 €
CONCELLO DE CATOIRA (achega municipal)	67.397,67 €
TOTAL	449.248,80 €

No convenio establécese que para facer efectiva a aportación municipal de 67.397,67 euros o concello poderá financiarse con outro tipo de axudas que a entidade local poida obter.

Neste contexto, en data 12/01/2022, emendado en data 18/01/2022, o concello de CATOIRA, acolléndose ao establecido nas bases 1ª e 8ª.1.5 das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que permite ás entidades municipais destinar parte ou a totalidade da cantidade asignada na LIÑA 1 ao financiamento das achegas municipais para investimentos acollidos noutros plans, programas ou convenios da propia Deputación ou doutras administracións cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal, solicita formalmente e en prazo, unha subvención por importe de 67.397,67 €, con destino ao financiamento da achega municipal ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o concello de Catoira para a execución da



actuación denominada “REHABILITACION ANTIGA CASA CONSISTORIAL PARA CASA DAS ARTES”, sendo o orzamento de 449.248,80 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas -€
2022	449.248,80	67.397,67	381.851,13 (Deputación)

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, precisando que a execución e a xustificación deste investimento suxeitarase as normas do plan que se co-financia coa achega a cargo do POS 2022-2023, sendo aquel plan o “Plan de Infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación Post-Covid-19, Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia)”.

Fundamentación xurídica:

I.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril por el que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.



- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## II.- Consideracións xurídicas:

### Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

### Resolución do expediente:

- Artigo 19 LXS que sinala que a normativa reguladora da subvención poderá exixir un importe de financiación propia para cubrir a actividade subvencionada.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.





- Artigo 40 do TRLRFL no que se establece que as subvencións de toda índole que obteñan as Entidades Locais con destino as súas obras e servizos non poderán ser aplicadas a atencións distintos de aquelas para as que foron outorgadas, salvo que, no seu caso, os sobrantes non reintegrables cuxa utilización non estivese prevista na concesión.
- Artigo 181 do TRLRFL que sinala que poderán xerar crédito nos estados de gastos dos orzamentos, na forma que regulamentariamente se estableza, os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións; a) aportacións ou compromisos firmes de aportación de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente coa entidade local ou con algún dos seus organismos autónomos, gastos que pola súa natureza están comprendidos nos seus fins ou obxectivos.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Artigo 30 do RD 500/1990, en atención ao cal os créditos consignados no Orzamento de gastos, así como os procedentes das modificacións orzamentarias, con carácter xeral, en calquera das tres situacións seguintes: a) créditos dispoñibles; b) créditos retidos pendentes de utilización; c) créditos non dispoñibles.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.

De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.



O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Parte dispositiva:

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 20/01/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 20/01/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial, de data 21/01/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Catoira*, CIF P3601000G a cantidade de 67.397,67 euros, con destino ao financiamento da achega municipal ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Catoira para a execución da actuación denominada “*REHABILITACION ANTIGA CASA CONSISTORIAL PARA CASA DAS ARTES*” (exp: 2022001689) cun orzamento que ascende a 449.248,80 euros, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas -€
2022	449.248,80	67.397,67	381.851,13 (Deputación)

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención, xerárase crédito na aplicación orzamentaria correspondente do Programa Reacpon e realizaranse as oportunas operacións de formalización.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A execución e xustificación deste investimento rexeráse polas normas do plan que se co-financia, “Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia)” aprobado por acordo plenario núm. 7.7624 de 28/05/2021 (BOPPO nº 102 do 01/06/2021) sen que en ningún caso poida exceder dos prazos que se recollen na Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.



- Así mesmo, de acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Catoira*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.31191.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CATOIRA AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (Expte.2022000907)

En relación á aprobación da concesión dunha subvención ó *Concello de Catoira*, con CIF núm. P3601000G, correspondente á liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais), ó abeiro do disposto nas bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, emito o seguinte informe:

Antecedentes:

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 26/11/2021, punto núm. 9.7707 aprobou as “*Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023*” que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2020 (último vixente na data de aprobación das bases).

As bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos na base Oitava: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos, así como os contratos de consultoría e asistencia técnica, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos, etc.) e liña 3 (emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais).

As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.

As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 230 de 27/11/2021 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 230, do 27/11/2021.



De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. Da contía individual asignada a cada concello, destinarase unha porcentaxe mínima do 70,93 % sobre a contía asignada á liña 1, ata un máximo dun 6,98% destinarase ao financiamento da liña 2 e un máximo do 22,09 % ao financiamento da liña 3. Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas das liñas 2 e 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar das liñas 2 e/ou 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.

Mediante Resolución Presidencial de 03/12/2021, núm. 2021007177 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.

O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.

De conformidade coa base Oitava apartado 8.3, con cargo á Liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.

Ao abeiro da Liña 3 do Plan Concellos 2022-2023, recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DE CATOIRA				
Data de presentación:		23/12/2021 (registro WEB2021049589)		
Data de emenda da solicitude:		21/01/2022 (registro WEB2022002252) 21/01/2022 (registro WEB2022002318)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
12	<i>10 peóns - operarios/as de servizos múltiples, 1 auxiliar/axudante de biblioteca e 1 auxiliar/axudante de museos en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses</i>	93.373,02 €	0,00 €	93.373,02 €



Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.

A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo de 22,09% da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2022/942.9425.462.03 (Plan Concellos 2022-2023 - Liña 3: Emprego) do vixente Orzamento Provincial existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE CATOIRA	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	93.373,99 €

Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 rexeranse polas súas Bases reguladoras aprobadas en sesión plenaria do 26/11/2021, punto núm. 1.7538, e publicadas no BOPPO núm. 230 do 27/11/2021.
- Con todo, para o non previsto nelas, resultan de aplicación supletoria a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS), a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPEO) e as restantes normas de dereito administrativo, e aplicaranse, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Novena do Plan Concellos 2022-2023 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Sexta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.



## II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

## III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Bases Oitava e Décimo Segunda dentro da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que



resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

- Bases Quinta e Sexta do Plan Concellos 2022-2023, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

#### Conclusiones:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a porcentaxe máxima da liña 3 segundo o disposto na base Quinta (22,09 % da cantidade total asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detracións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Vixésimo Primeira e, especificamente o seu apartado 21.3.3. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Vixésimo Primeira e tendo en conta o disposto na base Décimo Oitava en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.



Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 - LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Catoira (P3601000G)	12	<i>10 peóns - operarios/as de servizos múltiples, 1 auxiliar/axudante de biblioteca e 1 auxiliar/axudante de museos en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses</i>	93.373,02 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

Réxime competencial:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación e do informe de Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello de Catoira* (CIF P3601000G) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 - Liña 3: Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe concedido
Catoira (P3601000G)	12	<i>10 peóns - operarios/as de servizos múltiples, 1 auxiliar/axudante de biblioteca e 1 auxiliar/axudante de museos en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses</i>	93.373,02 €





Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego, sen prexuízo das convocatorias públicas que o Concello poida levar a cabo, entre persoas desempregadas e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, especificamente a base Oitava, no referente á liña 3 (base 8.3).
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses.
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Décimo Sétima para o caso das subvencións outorgadas no marco da Liña 3 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2022,. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
  - 50% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.



- 50% restante ó finalizar a metade do prazo de duración do contrato, previa achega de documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente sobre a continuidade da actividade, no que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin do contrato.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
  - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
  - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
  - Acreditación da publicidade do financiamento pola Deputación de Pontevedra do obxecto da subvención de conformidade coas bases reguladoras do plan. A publicidade débese facer mediante anuncios na táboa de edictos, na páxina web do concello ou na prensa local nos que se indique o financiamento da Deputación. En todo caso, o concello deberá facer referencia expresa a que se trata de contratos financiados pola Deputación de Pontevedra, ao abeiro deste plan, tanto nos anuncios da convocatoria dos procesos selectivos coma en todas as comunicacións e publicacións que se realicen por conta do concello, sexan estas internas ou externas. No caso de que as persoas usen equipos de protección individual ou roupa de traballo uniformada deberase incluír o logotipo da Deputación, xa sexa mediante un bordado, impresión dixital ou serigrafía, que irá colocado na parte superior da uniformidade e sempre ben visible na zona dianteira sobre o peito e na parte do lombo cubrirá a anchura da parte superior. No anexo II das bases reguladoras recóllense as instrucións que con respecto á publicidade deben cumprir os investimentos e actuacións incluídas no plan. O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.
  - Asemade, a máis tardar no momento da xustificación final, de conformidade co establecido na Base Oitava, apartado 8.3, deberase acreditar que as contratacións que se efectúen responden a necesidades de persoal urxentes e inaprazables, é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia.



- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

7.31192.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A GUARDA AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (Expte.2022002726)

En relación á aprobación da concesión dunha subvención ó *Concello da Guarda*, con CIF núm. P3602300J, correspondente á liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais), ó abeiro do disposto nas bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, emito o seguinte informe:

Antecedentes:

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 26/11/2021, punto núm. 9.7707 aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023” que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2020 (último vixente na data de aprobación das bases).

As bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos na base Oitava: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos, así como os contratos de consultoría e asistencia técnica, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos, etc.) e liña 3 (emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais).

As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.

As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 230 de 27/11/2021 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 230, do 27/11/2021.



De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. Da contía individual asignada a cada concello, destinarase unha porcentaxe mínima do 70,93 % sobre a contía asignada á liña 1, ata un máximo dun 6,98% destinarase ao financiamento da liña 2 e un máximo do 22,09 % ao financiamento da liña 3. Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas das liñas 2 e 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar das liñas 2 e/ou 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.

Mediante Resolución Presidencial de 03/12/2021, núm. 2021007177 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.

O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.

De conformidade coa base Oitava apartado 8.3, con cargo á Liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos. Ao abeiro da Liña 3 do Plan Concellos 2022-2023, recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DA GUARDA				
Data de presentación:		18/01/2022 (registro WEB2022001710)		
Data de emenda da solicitude:		21/01/2022 (registro WEB2022002287)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe subvención solicitada
14	<i>2 axudantes camión lixo, 10 peóns limpadores, 1 conserxe e 1 animador/a sociocultural a xornada completa durante 6 meses</i>	130.917,22 €	0,00 €	130.917,22 €



Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.

A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo de 22,09% da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2022/942.9425.462.03 (Plan Concellos 2022-2023 - Liña 3: Emprego) do vixente Orzamento Provincial existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DA GUARDA	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	175.775,26 €

Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

#### Fundamentos xurídicos

##### Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 rexeranse polas súas Bases reguladoras aprobadas en sesión plenaria do 26/11/2021, punto núm. 1.7538, e publicadas no BOPPO núm. 230 do 27/11/2021.
- Con todo, para o non previsto nelas, resultan de aplicación supletoria a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS), a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDEPO) e as restantes normas de dereito administrativo, e aplicaranse, no seu defecto, as normas de dereito privado.



## Segundo.- Consideracións xurídicas:

### I.- Instrución do expediente:

- A Base Novena do Plan Concellos 2022-2023 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Sexta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

### II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

### III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.



- Base de execución 16<sup>a</sup>.2<sup>a</sup> do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25<sup>a</sup>.2<sup>a</sup> e 4<sup>a</sup> do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Bases Oitava e Décimo Segunda dentro da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta e Sexta do Plan Concellos 2022-2023, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

### CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a porcentaxe máxima da liña 3 segundo o disposto na base Quinta (22,09 % da cantidade total asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.



Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Vixésimo Primeira e, especificamente o seu apartado 21.3.3. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Vixésimo Primeira e tendo en conta o disposto na base Décimo Oitava en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 - LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
A Guarda (P3602300J)	14	2 axudantes camión lixo, 10 peóns limpadores, 1 conserxe e 1 animador/a sociocultural a xornada completa durante 6 meses	130.917,22 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

Réxime competencial:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.





Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación e do informe de Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello da Guarda* (CIF P3602300J) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 - Liña 3: Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe concedido
A Guarda (P3602300J)	14	<i>2 axudantes camión lixo, 10 peóns limpadores, 1 conserxe e 1 animador/a sociocultural a xornada completa durante 6 meses</i>	130.917,22 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego, sen prexuízo das convocatorias públicas que o Concello poida levar a cabo, entre persoas desempregadas e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, especificamente a base Oitava, no referente á liña 3 (base 8.3).
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses.
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.



- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Décimo Sétima para o caso das subvencións outorgadas no marco da Liña 3 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2022,. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- o 50% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
  - o 50% restante ó finalizar a metade do prazo de duración do contrato, previa achega de documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente sobre a continuidade da actividade, no que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin do contrato.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
  - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
  - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.



- Acreditación da publicidade do financiamento pola Deputación de Pontevedra do obxecto da subvención de conformidade coas bases reguladoras do plan. A publicidade débese facer mediante anuncios na táboa de edictos, na páxina web do concello ou na prensa local nos que se indique o financiamento da Deputación. En todo caso, o concello deberá facer referencia expresa a que se trata de contratos financiados pola Deputación de Pontevedra, ao abeiro deste plan, tanto nos anuncios da convocatoria dos procesos selectivos coma en todas as comunicacións e publicacións que se realicen por conta do concello, sexan estas internas ou externas. No caso de que as persoas usen equipos de protección individual ou roupa de traballo uniformada deberase incluír o logotipo da Deputación, xa sexa mediante un bordado, impresión dixital ou serigrafía, que irá colocado na parte superior da uniformidade e sempre ben visible na zona dianteira sobre o peito e na parte do lombo cubrirá a anchura da parte superior. No anexo II das bases reguladoras recóllense as instrucións que con respecto á publicidade deben cumprir os investimentos e actuacións incluídas no plan. O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.
  - Asemade, a máis tardar no momento da xustificación final, de conformidade co establecido na Base Oitava, apartado 8.3, deberase acreditar que as contratacións que se efectúen responden a necesidades de persoal urxentes e inaprazables, é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia.
  - g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
  - h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación

8.31193.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE LALÍN AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (Expte.2022002885)

En relación á aprobación da concesión dunha subvención ó *Concello de Lalín*, con CIF núm. P3602400H, correspondente á liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais), ó abeiro do disposto nas bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, emito o seguinte informe:



Antecedentes:

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 26/11/2021, punto núm. 9.7707 aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023” que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2020 (último vixente na data de aprobación das bases).

As bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos na base Oitava: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos, así como os contratos de consultoría e asistencia técnica, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos, etc.) e liña 3 (emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais).

As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.

As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 230 de 27/11/2021 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 230, do 27/11/2021.

De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. Da contía individual asignada a cada concello, destinarase unha porcentaxe mínima do 70,93 % sobre a contía asignada á liña 1, ata un máximo dun 6,98% destinarase ao financiamento da liña 2 e un máximo do 22,09 % ao financiamento da liña 3. Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas das liñas 2 e 3 a incrementar o importe da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar das liñas 2 e/ou 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.



Mediante Resolución Presidencial de 03/12/2021, núm. 2021007177 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que nesos casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.

O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.

De conformidade coa base Oitava apartado 8.3, con cargo á Liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos. Ao abeiro da Liña 3 do Plan Concellos 2022-2023, recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DE LALÍN				
Data de presentación:		18/01/2022 (registro WEB2022001779)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
31	<i>2 auxiliares de información turística, 3 auxiliares administrativos, 1 técnico/a de apoio ao departamento de persoal con titulación universitaria en relacións laborais e recursos humanos, 1 técnico/a de apoio ao comercio con titulación universitaria en económicas/empresa, 1 técnico/a de apoio ao departamento de contratación con titulación universitaria de enxeñería industrial, 2 arquitectos/as técnicos/as ou equivalentes, 1 auxiliar de arquivo, 1 oficial de 1ª condutor/a de camión, 1 oficial de 1ª condutor/a de pá retroexcavadora mixta, 2 oficiais de 1ª condutores/as de tractor desbrozadora, 6 peóns obras públicas, 6 peóns albaneis e 4 peóns forestais a xornada completa durante 6 meses</i>	366.962,84 €	29.428,52 €	337.534,32 €

Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.



A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo de 22,09% da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2022/942.9425.462.03 (Plan Concellos 2022-2023 - Liña 3: Emprego) do vixente Orzamento Provincial existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE LALÍN	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	337.534,32 €

Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 rexeranse polas súas Bases reguladoras aprobadas en sesión plenaria do 26/11/2021, punto núm. 1.7538, e publicadas no BOPPO núm. 230 do 27/11/2021.
- Con todo, para o non previsto nelas, resultan de aplicación supletoria a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS), a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDEPO) e as restantes normas de dereito administrativo, e aplicaranse, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Novena do Plan Concellos 2022-2023 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Sexta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.



## II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

## III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.



- Bases Oitava e Décimo Segunda dentro da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta e Sexta do Plan Concellos 2022-2023, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

#### Conclusións:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a porcentaxe máxima da liña 3 segundo o disposto na base Quinta (22,09 % da cantidade total asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Vixésimo Primeira e, especificamente o seu apartado 21.3.3. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Vixésimo Primeira e tendo en conta o disposto na base Décimo Oitava en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.





Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 - LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
LALÍN (P3602400H)	31	<i>2 auxiliares de información turística, 3 auxiliares administrativos, 1 técnico/a de apoio ao departamento de persoal con titulación universitaria en relacións laborais e recursos humanos, 1 técnico/a de apoio ao comercio con titulación universitaria en económicas/empresa, 1 técnico/a de apoio ao departamento de contratación con titulación universitaria de enxeñería industrial, 2 arquitectos/as técnicos/as ou equivalentes, 1 auxiliar de arquivo, 1 oficial de 1ª condutor/a de camión, 1 oficial de 1ª condutor/a de pá retroexcavadora mixta, 2 oficiais de 1ª condutores/as de tractor desbrozadora, 6 peóns obras públicas, 6 peóns albaneis e 4 peóns forestais a xornada completa durante 6 meses</i>	337.534,32 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

Réxime competencial:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación e do informe de Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao Concello de Lalín (CIF P3602400H) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 - Liña 3: Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe concedido
LALÍN (P3602400H)	31	<i>2 auxiliares de información turística, 3 auxiliares administrativos, 1 técnico/a de apoio ao departamento de persoal con titulación universitaria en relacións laborais e recursos humanos, 1 técnico/a de apoio ao comercio con titulación universitaria en económicas/empresa, 1 técnico/a de apoio ao departamento de contratación con titulación universitaria de enxeñería industrial, 2 arquitectos/as técnicos/as ou equivalentes, 1 auxiliar de arquivo, 1 oficial de 1ª condutor/a de camión, 1 oficial de 1ª condutor/a de pá retroexcavadora mixta, 2 oficiais de 1ª condutores/as de tractor desbrozadora, 6 peóns obras públicas, 6 peóns albaneis e 4 peóns forestais a xornada completa durante 6 meses</i>	337.534,32 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego, sen prexuízo das convocatorias públicas que o Concello poida levar a cabo, entre persoas desempregadas e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, especificamente a base Oitava, no referente á liña 3 (base 8.3).
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses.



- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Décimo Sétima para o caso das subvencións outorgadas no marco da Liña 3 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2022,. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- 50% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
  - 50% restante ó finalizar a metade do prazo de duración do contrato, previa achega de documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente sobre a continuidade da actividade, no que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin do contrato.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.



- Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
  - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberán concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
  - Acreditación da publicidade do financiamento pola Deputación de Pontevedra do obxecto da subvención de conformidade coas bases reguladoras do plan. A publicidade débese facer mediante anuncios na táboa de edictos, na páxina web do concello ou na prensa local nos que se indique o financiamento da Deputación. En todo caso, o concello deberá facer referencia expresa a que se trata de contratos financiados pola Deputación de Pontevedra, ao abeiro deste plan, tanto nos anuncios da convocatoria dos procesos selectivos coma en todas as comunicacións e publicacións que se realicen por conta do concello, sexan estas internas ou externas. No caso de que as persoas usen equipos de protección individual ou roupa de traballo uniformada deberase incluír o logotipo da Deputación, xa sexa mediante un bordado, impresión dixital ou serigrafía, que irá colocado na parte superior da uniformidade e sempre ben visible na zona dianteira sobre o peito e na parte do lombo cubrirá a anchura da parte superior. No anexo II das bases reguladoras recóllense as instrucións que con respecto á publicidade deben cumprir os investimentos e actuacións incluídas no plan. O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.
  - Asemade, a máis tardar no momento da xustificación final, de conformidade co establecido na Base Oitava, apartado 8.3, deberase acreditar que as contratacións que se efectúen responden a necesidades de persoal urxentes e inaprazables, é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



9.31194.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A LAMA AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (Expte.2022003131)

En relación á aprobación da concesión dunha subvención ó *Concello da Lama*, con CIF núm. P3602500E, correspondente á liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais), ó abeiro do disposto nas bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, emito o seguinte informe:

Antecedentes:

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 26/11/2021, punto núm. 9.7707 aprobou as “*Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023*” que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2020 (último vixente na data de aprobación das bases).

As bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos na base Oitava: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos, así como os contratos de consultoría e asistencia técnica, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos, etc.) e liña 3 (emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais).

As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.

As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 230 de 27/11/2021 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 230, do 27/11/2021.

De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. Da contía individual asignada a cada concello, destinarase unha porcentaxe mínima do 70,93 % sobre a contía asignada á liña 1, ata un máximo dun 6,98% destinarase ao financiamento da liña 2 e un máximo do 22,09 % ao



financiamento da liña 3. Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas das liñas 2 e 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar das liñas 2 e/ou 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.

Mediante Resolución Presidencial de 03/12/2021, núm. 2021007177 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.

O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.

De conformidade coa base Oitava apartado 8.3, con cargo á Liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.

Ao abeiro da Liña 3 do Plan Concellos 2022-2023, recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DA LAMA				
Data de presentación:		19/01/2022 (registro WEB2022001927)		
Data de emenda da solicitude:		20/01/2022 (registro WEB2022002142)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
12	<i>3 operarios/as de movemento de terras e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 37,5 h./sem. durante 6 meses; 2 peóns operarios/as limpeza e 6 peóns forestais en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses</i>	96.120,36 €	0,00 €	96.120,36 €

Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.



A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo de 22,09% da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2022/942.9425.462.03 (Plan Concellos 2022-2023 - Liña 3: Emprego) do vixente Orzamento Provincial existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DA LAMA	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	107.857,63 €

Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 rexeranse polas súas Bases reguladoras aprobadas en sesión plenaria do 26/11/2021, punto núm. 1.7538, e publicadas no BOPPO núm. 230 do 27/11/2021.
- Con todo, para o non previsto nelas, resultan de aplicación supletoria a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS), a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDEPO) e as restantes normas de dereito administrativo, e aplicaranse, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Novena do Plan Concellos 2022-2023 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Sexta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.



## II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

## III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Bases Oitava e Décimo Segunda dentro da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que





resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

- Bases Quinta e Sexta do Plan Concellos 2022-2023, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

#### Conclusiones:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a porcentaxe máxima da liña 3 segundo o disposto na base Quinta (22,09 % da cantidade total asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Vixésimo Primeira e, especificamente o seu apartado 21.3.3. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Vixésimo Primeira e tendo en conta o disposto na base Décimo Oitava en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.



Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 - LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
A Lama (P3602500E)	12	<i>3 operarios/as de movemento de terras e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 37,5 h./sem. durante 6 meses; 2 peóns operarios/as limpeza e 6 peóns forestais en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses</i>	96.120,36 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

#### Réxime competencial:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación e do informe de Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello da Lama* (CIF P3602500E) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 - Liña 3: Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe concedido
A Lama (P3602500E)	12	<i>3 operarios/as de movemento de terras e 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 37,5 h./sem. durante 6 meses; 2 peóns operarios/as limpeza e 6 peóns forestais en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses</i>	96.120,36 €



Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego, sen prexuízo das convocatorias públicas que o Concello poida levar a cabo, entre persoas desempregadas e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, especificamente a base Oitava, no referente á liña 3 (base 8.3).
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses.
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Décimo Sétima para o caso das subvencións outorgadas no marco da Liña 3 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2022,. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
  - 50% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.



- 50% restante ó finalizar a metade do prazo de duración do contrato, previa achega de documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente sobre a continuidade da actividade, no que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin do contrato.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
  - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
  - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
  - Acreditación da publicidade do financiamento pola Deputación de Pontevedra do obxecto da subvención de conformidade coas bases reguladoras do plan. A publicidade débese facer mediante anuncios na táboa de edictos, na páxina web do concello ou na prensa local nos que se indique o financiamento da Deputación. En todo caso, o concello deberá facer referencia expresa a que se trata de contratos financiados pola Deputación de Pontevedra, ao abeiro deste plan, tanto nos anuncios da convocatoria dos procesos selectivos coma en todas as comunicacións e publicacións que se realicen por conta do concello, sexan estas internas ou externas. No caso de que as persoas usen equipos de protección individual ou roupa de traballo uniformada deberase incluír o logotipo da Deputación, xa sexa mediante un bordado, impresión dixital ou serigrafía, que irá colocado na parte superior da uniformidade e sempre ben visible na zona dianteira sobre o peito e na parte do lombo cubrirá a anchura da parte superior. No anexo II das bases reguladoras recóllense as instrucións que con respecto á publicidade deben cumprir os investimentos e actuacións incluídas no plan. O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



- Asemade, a máis tardar no momento da xustificación final, de conformidade co establecido na Base Oitava, apartado 8.3, deberase acreditar que as contratacións que se efectúen responden a necesidades de persoal urxentes e inaprazables, é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia.
  - g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
  - h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

10.31195.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (Expte. 2022000901)

En relación á aprobación da concesión dunha subvención ó *Concello de Pazos de Borbén*, con CIF núm. P3603700J, correspondente á liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais), ó abeiro do disposto nas bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, emito o seguinte informe:

Antecedentes:

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 26/11/2021, punto núm. 9.7707 aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023” que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2020 (último vixente na data de aprobación das bases).

As bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos na base Oitava: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación



de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos, así como os contratos de consultoría e asistencia técnica, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos, etc.) e liña 3 (emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais).

As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.

As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 230 de 27/11/2021 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 230, do 27/11/2021.

De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. Da contía individual asignada a cada concello, destinarase unha porcentaxe mínima do 70,93 % sobre a contía asignada á liña 1, ata un máximo dun 6,98% destinarase ao financiamento da liña 2 e un máximo do 22,09 % ao financiamento da liña 3. Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas das liñas 2 e 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar das liñas 2 e/ou 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.

Mediante Resolución Presidencial de 03/12/2021, núm. 2021007177 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.

O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.

De conformidade coa base Oitava apartado 8.3, con cargo á Liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.



Ao abeiro da Liña 3 do Plan Concellos 2022-2023, recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN				
Data de presentación:		09/12/2021 (registro WEB2021047508)		
Data de emenda da solicitude:		20/01/2022 (registro WEB2022002188)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
12	<i>12 peóns de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses</i>	91.522,08 €	2.161,44 €	89.360,64 €

Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.

A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo de 22,09% da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2022/942.9425.462.03 (Plan Concellos 2022-2023 - Liña 3: Emprego) do vixente Orzamento Provincial existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	92.481,06 €

Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 rexeranse polas súas Bases reguladoras aprobadas en sesión plenaria do 26/11/2021, punto núm. 1.7538, e publicadas no BOPPO núm. 230 do 27/11/2021.



- Con todo, para o non previsto nelas, resultan de aplicación supletoria a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS), a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSEPO) e as restantes normas de dereito administrativo, e aplicaranse, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Novena do Plan Concellos 2022-2023 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Sexta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que o órgano instructor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.





- Base de execución 16<sup>a.2ª</sup> do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25<sup>a.2ª</sup> e 4<sup>a</sup> do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Bases Oitava e Décimo Segunda dentro da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta e Sexta do Plan Concellos 2022-2023, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

#### Conclusións:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a porcentaxe máxima da liña 3 segundo o disposto na base Quinta (22,09 % da cantidade total asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.



Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Vixésimo Primeira e, especificamente o seu apartado 21.3.3. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Vixésimo Primeira e tendo en conta o disposto na base Décimo Oitava en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-leI 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 - LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Pazos de Borbén (P3603700J)	12	12 peóns de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses	89.360,64 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

#### Réxime competencial:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación e do informe de Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello de Pazos de Borbén* (CIF P3603700J) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 - Liña 3: Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe concedido
Pazos de Borbén (P3603700J)	12	12 peóns de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses	89.360,64 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego, sen prexuízo das convocatorias públicas que o Concello poida levar a cabo, entre persoas desempregadas e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, especificamente a base Oitava, no referente á liña 3 (base 8.3).
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses.
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.



- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Décimo Sétima para o caso das subvencións outorgadas no marco da Liña 3 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2022,. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- 50% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
  - 50% restante ó finalizar a metade do prazo de duración do contrato, previa achega de documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente sobre a continuidade da actividade, no que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin do contrato.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
  - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
  - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberánse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
  - Acreditación da publicidade do financiamento pola Deputación de Pontevedra do obxecto da subvención de conformidade coas bases reguladoras do plan. A publicidade débese facer mediante anuncios na táboa de edictos, na páxina web do concello ou na prensa local nos que se indique o financiamento da Deputación. En todo caso, o concello deberá facer referencia expresa a que se trata de contratos financiados pola Deputación de Pontevedra,



ao abeiro deste plan, tanto nos anuncios da convocatoria dos procesos selectivos coma en todas as comunicacións e publicacións que se realicen por conta do concello, sexan estas internas ou externas. No caso de que as persoas usen equipos de protección individual ou roupa de traballo uniformada deberase incluír o logotipo da Deputación, xa sexa mediante un bordado, impresión dixital ou serigrafía, que irá colocado na parte superior da uniformidade e sempre ben visible na zona dianteira sobre o peito e na parte do lombo cubrirá a anchura da parte superior. No anexo II das bases reguladoras recóllense as instrucións que con respecto á publicidade deben cumprir os investimentos e actuacións incluídas no plan. O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

- Asemade, a máis tardar no momento da xustificación final, de conformidade co establecido na Base Oitava, apartado 8.3, deberase acreditar que as contratacións que se efectúen responden a necesidades de persoal urxentes e inaprazables, é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

11.31196.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTE CALDELAS NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023- LIÑA 1- INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTE CALDELAS DO INVESTIMENTO “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP 0407 BORELA-PONTE CALDELAS. DO PQ 8+775 AOPQ 9+000” (Anualidade 2022) (Expte. 2021065935)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das “*Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023*”, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942-0425-762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, repártese entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local polo que no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte á lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto á cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.



En data 21/12/2021 por rexistro WEB2021049274 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Ponte Caldelas* na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 60.849,67 euros, con destino ao financiamento da achega da anualidade 2022 para o convenio de colaboración coa Deputación de Pontevedra, “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP 0407 BORELA-PONTE CALDELAS. DO PQ 8+775 Ó PQ 9+000”, cun orzamento de 255.624,00 euros.

O financiamento do convenio e a petición do Concello de financiar a chega municipal con cargo ao Plan Concellos queda configurada tal e como se establece nas seguintes táboas:

Convenio	Achega	%
Deputación de Pontevedra	178.936,80 €	70
Concello de Ponte Caldelas	76.687,20 €	30
<b>TOTAL</b>	<b>255.624,00 €</b>	<b>100</b>

Financiación de parte da achega municipal con cargo ao Plan Concellos 2022-2023:

Anualidade/s	Orzamento	Subvención € a cargo do POS	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas €
2022	255.624,00 €	60.849,67 €	178.936,80 €-(Convenio con Deputación)

Compre sinalar que mediante Resolución presidencia núm. 2021005771 de data 04/10/2021, concedeuse unha subvención con cargo ao Plan Concellos 2021 por importe de 15.837,53 euros para financiar parte da achega municipal precisa para a subscripción do convenio sinalado ut supra. Con esta nova petición de subvención o Concello completa a financiación correspondente á achega municipal precisa para a sinatura do convenio co Servizo de Mobilidade desta Deputación. O Concello remite o borrador do convenio.

O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Ponte Caldelas, e concretamente no tramo da Rúa Lepanto, situado entre o PQ 8+775 e o PQ 9+000 da EP 0407 Borela - Ponte Caldelas, sendo o obxecto principal do proxecto a recuperación desta rúa entregada na actualidade ao vehículo motorizado, realizando un cambio de uso e entregándolle gran parte deste espazo público aos peóns. Ademais, tamén comprenden pequenas variacións na rede de pluviais existente, así como melloras en diversos servizos urbanos como o soterramento das liñas de electricidade e telecomunicacións e a execución dunha nova rede de alumeadado público don luminarias LED de alto rendemento.

Consta no expediente informe técnico do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provincias da Deputación de Pontevedra, de data 29/09/2021, que fai alusión aos servizos de titularidade municipal que se pretenden financiar con cargo ao Plan Concellos 2022.

Figura no expediente informe de supervisión favorable aos efectos da aprobación do proxecto, do técnico de proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, de data 27/09/2021



Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, precisando que segundo consta na cláusula sexta do borrador do convenio, correspóndelle á Deputación a redacción do proxecto técnico, licitación, dirección, execución e recepción das obras. Emporiso, a execución e a xustificación deste investimento suxeitarase ás normas do plan que se cofinancia coa achega a cargo do POS 2022-23.

Fundamentación xurídica:

1.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril por el que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en





función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprende a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 19 LXS que sinala que a normativa reguladora da subvención poderá exixir un importe de financiación propia para cubrir a actividade subvencionada.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 40 do TRLRFL no que se establece que as subvencións de toda índole que obteñan as Entidades Locais con destino ás súas obras e servizos non poderán ser aplicadas a atencións distintas de aquelas para as que foron outorgadas, salvo que, no seu caso, os sobrantes non reintegrables cuxa utilización non estivese prevista na concesión.
- Artigo 181 do TRLRFL que sinala que poderán xerar crédito nos estados de gastos dos orzamentos, na forma que regulamentariamente se estableza, os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións; a) aportacións ou compromisos firmes de aportación de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente coa entidade local ou con algún dos seus organismos autónomos, gastos que pola súa natureza están comprendidos nos seus fins ou obxectivos.



- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Artigo 30 do RD 500/1990, en atención ao cal os créditos consignados no orzamento de gastos, así como os procedentes das modificacións orzamentarias, con carácter xeral, en calquera das tres situacións seguintes: a) créditos dispoñibles; b) créditos retidos pendentes de utilización; c) créditos non dispoñibles.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.

De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo á Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.

O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes dos servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provincias da



Deputación de Pontevedra, de data 27/09/2021, e da xefa do Servizo de Cooperación, de data 14/01/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial de data 21/01/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder ao *Concello de Ponte Caldelas* CIF P3604300H a cantidade de 60.849,67 €, con destino ao financiamento da achega municipal ao investimento “*Mellora da seguridade viaria na EP 0407 Borela-Ponte Caldelas. do PQ 8+775 AO PQ 9+000*”, do convenio de mobilidade entre Concello e a Deputación (Anualidade 2022), (Expte. 2021065935) cun orzamento polo importe de 255.624,00 € distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Achegas doutras administracións	Fondos Propios
2022	255.624,00 €	60.849,00 €	194.774,33 € Deputación Pontevedra	0,00 €
2023	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	255.624,00 €	60.849,00 €	194.774,33 €	0,00 €

Convén lembrar que o Concello deberá posuír todas as autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan. Asemade, por estar pendente de aprobación o convenio, a presente subvención debe quedar condicionada á súa aprobación e sinatura.

Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención, xerarse crédito na correspondente aplicación orzamentaria e realizaranse as oportunas operacións en formalización.

Convén lembrar que a execución e xustificación deste investimento rexerese polas normas que prescribe o Convenio de Mobilidade que se cofinancia, sen que en ningún caso poida exceder dos prazos que se recollen na Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.

Así mesmo, e de ser o caso, de acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o Concello de Ponte Caldelas deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.

2. Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Ponte Caldelas*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia



12.31197.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE REDONDELA AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (Expte.2022003120)

En relación á aprobación da concesión dunha subvención ó *Concello de Redondela*, con CIF núm. P3604500C, correspondente á liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais), ó abeiro do disposto nas bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, emito o seguinte informe:

Antecedentes:

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 26/11/2021, punto núm. 9.7707 aprobou as “*Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023*” que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2020 (último vixente na data de aprobación das bases).

As bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos na base Oitava: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos, así como os contratos de consultoría e asistencia técnica, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos, etc.) e liña 3 (emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais).

As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.

As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 230 de 27/11/2021 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 230, do 27/11/2021.

De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asignase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. Da contía individual asignada a cada concello, destinarase unha porcentaxe mínima do 70,93 % sobre a contía asignada á liña 1, ata un máximo dun 6,98% destinarase ao financiamento da liña 2 e un máximo do 22,09 % ao



financiamento da liña 3. Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas das liñas 2 e 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar das liñas 2 e/ou 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.

Mediante Resolución Presidencial de 03/12/2021, núm. 2021007177 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.

O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.

De conformidade coa base Oitava apartado 8.3, con cargo á Liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.

Ao abeiro da Liña 3 do Plan Concellos 2022-2023, recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DE REDONDELA				
Data de presentación:		19/01/2022 (registro WEB2022001914)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
18	<i>1 traballador/a social, 3 guías turísticos/as e 3 axudantes de servizos actuacións de electricidade a xornada completa durante 6 meses; 11 peóns forestais a xornada completa durante 5,3 meses</i>	264.325,09 €	6.744,20 €	257.580,89 €

Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.



A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo de 22,09% da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2022/942.9425.462.03 (Plan Concellos 2022-2023 - Liña 3: Emprego) do vixente Orzamento Provincial existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE REDONDELA	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	257.580,89 €

Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- Réxime Xurídico:

De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 rexeranse polas súas Bases reguladoras aprobadas en sesión plenaria do 26/11/2021, punto núm. 1.7538, e publicadas no BOPPO núm. 230 do 27/11/2021.

Con todo, para o non previsto nelas, resultan de aplicación supletoria a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS), a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPEO) e as restantes normas de dereito administrativo, e aplicaranse, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Novena do Plan Concellos 2022-2023 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Sexta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.



## II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

## III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Bases Oitava e Décimo Segunda dentro da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que



resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

- Bases Quinta e Sexta do Plan Concellos 2022-2023, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

#### Conclusións:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a porcentaxe máxima da liña 3 segundo o disposto na base Quinta (22,09 % da cantidade total asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Vixésimo Primeira e, especificamente o seu apartado 21.3.3. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Vixésimo Primeira e tendo en conta o disposto na base Décimo Oitava en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.





Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 - LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Redondela (P3604500C)	18	<i>1 traballador/a social, 3 guías turísticos/as e 3 axudantes de servizos actuacións de electricidade a xornada completa durante 6 meses; 11 peóns forestais a xornada completa durante 5,3 meses</i>	257.580,89 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

Réxime competencial:

En virtude do establecido na base 16<sup>a</sup>.2<sup>a</sup> c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación e do informe de Intervención a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello de Redondela* (CIF P3604500C) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 - Liña 3: Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe concedido
Redondela (P3604500C)	18	<i>1 traballador/a social, 3 guías turísticos/as e 3 axudantes de servizos actuacións de electricidade a xornada completa durante 6 meses; 11 peóns forestais a xornada completa durante 5,3 meses</i>	257.580,89 €



Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego, sen prexuízo das convocatorias públicas que o Concello poida levar a cabo, entre persoas desempregadas e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, especificamente a base Oitava, no referente á liña 3 (base 8.3).
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses.
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Décimo Sétima para o caso das subvencións outorgadas no marco da Liña 3 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2022,. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobranse á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
  - 50% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.



- 50% restante ó finalizar a metade do prazo de duración do contrato, previa achega de documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente sobre a continuidade da actividade, no que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin do contrato.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
  - Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
  - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
  - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberán concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
  - Acreditación da publicidade do financiamento pola Deputación de Pontevedra do obxecto da subvención de conformidade coas bases reguladoras do plan. A publicidade débese facer mediante anuncios na táboa de edictos, na páxina web do concello ou na prensa local nos que se indique o financiamento da Deputación. En todo caso, o concello deberá facer referencia expresa a que se trata de contratos financiados pola Deputación de Pontevedra, ao abeiro deste plan, tanto nos anuncios da convocatoria dos procesos selectivos coma en todas as comunicacións e publicacións que se realicen por conta do concello, sexan estas internas ou externas. No caso de que as persoas usen equipos de protección individual ou roupa de traballo uniformada deberase incluír o logotipo da Deputación, xa sexa mediante un bordado, impresión dixital ou serigrafía, que irá colocado na parte superior da uniformidade e sempre ben visible na zona dianteira sobre o peito e na parte do lombo cubrirá a anchura da parte superior. No anexo II das bases reguladoras recóllense as instrucións que con respecto á publicidade deben cumprir os investimentos e actuacións incluídas no plan. O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



- Asemade, a máis tardar no momento da xustificación final, de conformidade co establecido na Base Oitava, apartado 8.3, deberase acreditar que as contratacións que se efectúen responden a necesidades de persoal urxentes e inaprazables, é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

13.31198.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DO ROSAL AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (Expte.2022002524)

En relación á aprobación da concesión dunha subvención ó *Concello do Rosal*, con CIF núm. P3604800G, correspondente á liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais), ó abeiro do disposto nas bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, emito o seguinte informe:

Antecedentes:

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 26/11/2021, punto núm. 9.7707 aprobou as “*Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023*” que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2020 (último vixente na data de aprobación das bases).

As bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos na base Oitava: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación



de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos, así como os contratos de consultoría e asistencia técnica, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos, etc.) e liña 3 (emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais).

As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.

As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 230 de 27/11/2021 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 230, do 27/11/2021.

De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. Da contía individual asignada a cada concello, destinarase unha porcentaxe mínima do 70,93 % sobre a contía asignada á liña 1, ata un máximo dun 6,98% destinarase ao financiamento da liña 2 e un máximo do 22,09 % ao financiamento da liña 3. Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas das liñas 2 e 3 a incrementar o importe da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar das liñas 2 e/ou 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.

Mediante Resolución Presidencial de 03/12/2021, núm. 2021007177 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detración, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detración que se efectúe.

O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.

De conformidade coa base Oitava apartado 8.3, con cargo á Liña 3 (Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.



Ao abeiro da Liña 3 do Plan Concellos 2022-2023, recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DO ROSAL				
Data de presentación:		17/01/2021 (registro WEB2021001591)		
Data de emenda da solicitude:		17/01/2021 (registro WEB2021001601)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
14	<i>5 oficiais de obras, 1 oficial electricista, 6 peóns de limpeza viaria e roza forestal, 1 operario/a de maquinaria forestal e 1 auxiliar de axuda no fogar a tempo completo durante 6 meses</i>	133.108,52 €	3.129,56 €	129.978,96 €

Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítase informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación. A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo de 22,09% da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2022/942.9425.462.03 (Plan Concellos 2022-2023 - Liña 3: Emprego) do vixente Orzamento Provincial existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DO ROSAL	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	130.730,19 €

Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 rexeranse polas súas Bases reguladoras aprobadas en sesión plenaria do 26/11/2021, punto núm. 1.7538, e publicadas no BOPPO núm. 230 do 27/11/2021.



- Con todo, para o non previsto nelas, resultan de aplicación supletoria a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS), a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPEO) e as restantes normas de dereito administrativo, e aplicaranse, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Novena do Plan Concellos 2022-2023 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Sexta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.



- Base de execución 16<sup>a</sup>.2<sup>a</sup> do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25<sup>a</sup>.2<sup>a</sup> e 4<sup>a</sup> do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Sexta das Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Bases Oitava e Décimo Segunda dentro da liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta e Sexta do Plan Concellos 2022-2023, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

#### Conclusións:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a porcentaxe máxima da liña 3 segundo o disposto na base Quinta (22,09 % da cantidade total asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.





Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Vixésimo Primeira e, especificamente o seu apartado 21.3.3. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Vixésimo Primeira e tendo en conta o disposto na base Décimo Oitava en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 - LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
O ROSAL (P3604800G)	14	<i>5 oficiais de obras, 1 oficial electricista, 6 peóns de limpeza viaria e roza forestal, 1 operario/a de maquinaria forestal e 1 auxiliar de axuda no fogar a tempo completo durante 6 meses</i>	129.978,96 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

Réxime competencial:

En virtude do establecido na base 16<sup>a</sup>.2<sup>a</sup> c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación e do informe de Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello do Rosal* (CIF P3604800G) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 - Liña 3: Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2022/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe concedido
O ROSAL (P3604800G)	14	<i>5 oficiais de obras, 1 oficial electricista, 6 peóns de limpeza viaria e roza forestal, 1 operario/a de maquinaria forestal e 1 auxiliar de axuda no fogar a tempo completo durante 6 meses</i>	129.978,96 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego, sen prexuízo das convocatorias públicas que o Concello poida levar a cabo, entre persoas desempregadas e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, especificamente a base Oitava, no referente á liña 3 (base 8.3).
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade de obra ou servizo determinados, deberán iniciarse desde o 01/01/2022 e antes do 31 de marzo de 2022 e terán unha duración máxima de 6 meses.
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.



- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Décimo Sétima para o caso das subvencións outorgadas no marco da Liña 3 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2022,. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- 50% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
  - 50% restante ó finalizar a metade do prazo de duración do contrato, previa achega de documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente sobre a continuidade da actividade, no que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin do contrato.
- F) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
  - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
  - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberán concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.



- Acreditación da publicidade do financiamento pola Deputación de Pontevedra do obxecto da subvención de conformidade coas bases reguladoras do plan. A publicidade débese facer mediante anuncios na táboa de edictos, na páxina web do concello ou na prensa local nos que se indique o financiamento da Deputación. En todo caso, o concello deberá facer referencia expresa a que se trata de contratos financiados pola Deputación de Pontevedra, ao abeiro deste plan, tanto nos anuncios da convocatoria dos procesos selectivos coma en todas as comunicacións e publicacións que se realicen por conta do concello, sexan estas internas ou externas. No caso de que as persoas usen equipos de protección individual ou roupa de traballo uniformada deberase incluír o logotipo da Deputación, xa sexa mediante un bordado, impresión dixital ou serigrafía, que irá colocado na parte superior da uniformidade e sempre ben visible na zona dianteira sobre o peito e na parte do lombo cubrirá a anchura da parte superior. No anexo II das bases reguladoras recóllense as instrucións que con respecto á publicidade deben cumprir os investimentos e actuacións incluídas no plan. O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.
  - Asemade, a máis tardar no momento da xustificación final, de conformidade co establecido na Base Oitava, apartado 8.3, deberase acreditar que as contratacións que se efectúen responden a necesidades de persoal urxentes e inaprazables, é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia.
  - g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
  - h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

14.31199.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DA OBRA “ÁREA RECEPCIÓN DE VISITANTES DO CASTELO DE SOUTOMAIOR” (CONCELLO DE SOUTOMAIOR). (Expte.2021003493)

Resultando.- A Deputación de Pontevedra é propietaria do *Castelo de Soutomaior* e dos terreos nos que se localiza, no Concello de Soutomaior. Foi declarado Ben de Interese Cultural por resolución da Dirección Xeral de Belas Artes e Arquivos do 17/10/1994.



Resultando.- Que o Castelo de Soutomaior e os seus xardíns reciben un elevado número de visitantes, polo que é necesario que este dispoña duns accesos e dunhas instalacións adecuadas, que permitan un correcto desenvolvemento deste servizo público.

Resultando.- O Servizo de Turismo traslada ao Servizo de Arquitectura a necesidade de deseñar un espazo que funcione como área de recepción, acollida e información, pero tamén como lugar de encontro. Ademais, da necesidade de centralizar os accesos nun único punto para garantir o control e a seguridade.

Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse no Servizo de Contratación informe da xefa do Servizo de Turismo coa conformidade da Deputada Delegada desa área, solicitando se inicien os trámites para a contratación da execución do proxecto da obra “*Área recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior (Soutomaior)*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo arquitecto Mauro Lomba Martínez, o proxecto básico e de execución da obra “*Área de recepción de visitantes do castelo de Soutomaior*”, cun orzamento base de licitación de 575.000,00 €, IVE incluído. A este proxecto asignóuselle un código (CSV): 9I860GAHV9YJGIBC.

Resultando.- Que consta no expediente informe de supervisión do proxecto realizado pola xefa do Servizo de Arquitectura.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC con número de operación 202100188610, por importe de 575.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 21/433.3360.622.00 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 12 de novembro de 2021 acordou aprobar o proxecto para a execución da obra “*Área recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior (Soutomaior)*”, redactado polo arquitecto D. Mauro Lomba Martínez, cun orzamento base de licitación de 575.000,00 €, IVE incluído. A este proxecto asignóuselle un código (CSV): 9I860GAHV9YJGIBC.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e informe emitido polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adjudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que con data 17/12/2021 emitiu informe o Secretario Xeral da Deputación recollendo o seguinte: “*...Estímase os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente tendo en conta as observacións sinaladas no presente informe...*”



Resultando.- Que con data 10/01/2022 emitiu informe a xefa do Servizo de Fiscalización, cunha serie de observacións e recomendacións a ter en conta antes da aprobación do expediente.

Resultando.- Que con data 21/01/2022 emitiu informe a xefa do Servizo de Arquitectura no que se recollen unha serie de aclaracións respecto das observacións feitas polo Servizo de Fiscalización.

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “*Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.*”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “*Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..*”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “*A adxudicación realízase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...*”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, onde figura que lle compete á Xunta de Goberno a disposición e autorización dos gastos precisos para a contratación de obras que sendo competencia da Presidencia, superen o valor estimado de dous centos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Área recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior (Concello de Soutomaior)*” cun orzamento base de licitación de 575.000,00 € de acordo co seguinte detalle:

Importe ..... 475.206,61 €  
IVE (21%) .....99.793,39 €  
Importe total ..... 575.000,00 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas ó que se lle asignou o (CSV) AQW1KFSHM5C78WWT, e o de prescricións técnicas con (CSV) 9I860GAHV9YJGIBC, que reixerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 575.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 22.433.3360.622.00.2021 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

15.31200.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “*OBRAS DE REFORZO ESTRUCTURAL DE FACHADA E SUBSTITUCIÓN DAS CARPINTERÍAS DO CEIP DARÍA GONZÁLEZ GARCÍA NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE*”. (Expte.2021056204).

Resultando.- Que O recinto que conforma o Centro Príncipe Felipe contén entre as súas instalacións, ademais dos centros residenciais, outros centros educativos, entre os cales se atopa o CEIP Daría González García.

Resultando.- Que o edificio que alberga este equipamento, que foi construído na década dos 70, atópase nun estado deteriorado e insuficientemente illado e amosa unha serie de patoloxías tales como, fisuras, eflorescencias ou pequenos desprendementos de morteiro, entre outras. Ademais, o tipo de carpintería instalado non facilita as perdas enerxéticas e non proporciona un nivel mínimo de illamento acústico. As ditas deficiencias impiden acadar os niveis de habitabilidade e salubridade adecuados para o desenvolvemento das actividades propias do centro, polo que, considérase necesario solucionar os ditos problemas.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación informe proposta da xefa de Xestión Administrativa do Centro Príncipe Felipe, coa conformidade da Deputada Delegada desa área, solicitando iniciar a tramitación para adxudicar o contrato de obras “*Reforzo estrutural de fachada e substitución das carpinterías do CEIP DARÍA GONZÁLEZ GARCÍA no Centro Príncipe Felipe*”



Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación redáctase polos arquitectos Francisco Freire García e Víctor Fernández Vázquez adscritos a empresa Feire e Vázquez arquitectos, o proxecto da obra “Reforzo estrutural de fachada e substitución das carpinterías do CEIP DARÍA GONZÁLEZ GARCÍA no Centro Príncipe Felipe” cun orzamento base de licitación de 1.559.180,61 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o (CSV) 9YOWDB24DA5AZMMP.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 202200003278, por importe de 844.324,44 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/232.2312.632.01.2021.

Resultando.- Que non existe crédito na aplicación orzamentaria 22/232.2312.632.03 nin na súa vinculación xurídica polo que para facer fronte o importe restante (714.855,17 €), deberase tramitar a correspondente modificación de crédito.

Resultando.- Que con data 18/01/2022 emitiu informe a Xefa de Fiscalización, recollendo o seguinte: “Segundo o informe proposta, a presente obra atópase sometida a licenza municipal. CONCLUSIÓN Polo exposto, coas observacións e recomendacións formuladas que deberán terse en conta, infórmase favorablemente o expediente, condicionado á aprobación da modificación crédito mencionada anteriormente...”

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...”

Considerando.- Que o artigo 235 do mesmo texto legal, recolle no referente á supervisión de proxectos, que para aprobación do proxecto, cando o presuposto base de licitación do contrato de obras sexa inferior a 500.000 € IVE excluído, o informe de supervisión terá carácter facultativo e non preceptivo.

Considerando.- Que segundo se sinala na memoria do proxecto o orzamento base de licitación axústase a prezos de mercado cumpríndose co disposto nos artigos 100.2 e 101.7 da LCSP.

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o valor estimado de douscentos mil euros.





A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “*Reforzo estrutural de fachada e substitución das carpinterías do CEIP Daría González García no Centro Príncipe Felipe*” redactado polos arquitectos Francisco Freire García e Víctor Fernández Vázquez adscritos a empresa *Feire e Vázquez arquitectos*, que ten un orzamento base de licitación de 1.559.180,61 € IVE incluído. O proxecto aprobado ten asignado o código CSV: 9YOWDB24DA5AZMMP.

16.31201.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO CAMIÑO ESCOLAR NA E.P. 3102 AO CEP. PEDRO CASELLES DENDE O PQ. 0+000 ATA O PQ. 0+400 (CONCELLO DE TOMIÑO)” (Expte.2021041514)

Resultando.- Que con data 27 de xullo de 2021 asinouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Tomiño convenio de colaboración para a execución do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o pq. 0+400 (Concello de Tomiño)*”.

Resultando.- Que no citado convenio establécese que lle corresponde á Deputación redactar o proxecto técnico para a execución das obras, dirixir, executar e recibir as obras.

Resultando.- Que recolle tamén o convenio que os investimentos necesarios para a realización das mencionadas obras, serán financiados pola Deputación e o *Concello de Tomiño*, mediante as cantidades relacionadas a continuación:

	ACHEGA	%
DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	200.364,55 €	70 %
CONCELLO DE TOMIÑO	85.870,52 €	30 %
Total investimento	286.235,07 €	100 %

Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse no Servizo de Contratación informe do xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando se inicien os trámites para adxudicar a execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o pq. 0+400 (Concello de Tomiño)*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse pola enxeñeira da empresa Galaicontrol, S.L., Trinidad López Rodríguez, o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o pq. 0+400 (Concello de Tomiño)*”, cun orzamento base de licitación de 286.235,07 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle un código (CSV): VAVU10ZMR7O53VOT.



Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC con número de operación 202100125176 por importe de 286.235,07 € con cargo á aplicación orzamentaria 21/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que consta no expediente informe favorable de supervisión do proxecto do xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 22/1/2021, acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o pq. 0+400 (Concello de Tomiño”, redactado pola enxeñeira da empresa Galaicontrol, S.L., Dona Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación de 286.235,07 € IVE incluído. O proxecto aprobado ten asignado un código (CSV): VAVU10ZMR7O53VOT.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e informe emitido polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19 de novembro de 2021, acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o pq. 0+400 (Concello de Tomiño)”, cun orzamento base de licitación de 286.235,07 €, IVE incluído.

Resultando.- Que o anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación (Plataforma de Contratos do Sector Público) na data 22/11/2021. Tamén se publicaron na mesma data o prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Resultando.- Que finalizado o prazo para a presentación de ofertas, a Mesa de Contratación celebrada o día 16/12/2021 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o PQ. 0+400”.

Resultando.- Que unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acordou admitir ás seguintes empresas:

- HORDESCON
- ESQUEIRO, S.L.
- NAROM, S.L.



- CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- CONSTRUCCIONES FECHI
- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
- ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que con data 21/12/2021 o Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, emitiu informe de valoración dos criterios de avaliación mediante xuízos de valor, das ofertas presentadas polas empresas que participan neste procedemento, obtendo o seguinte resultado:

Licitadores	A memoria e programa de traballo	Plan de actuacións medioambientais	Puntuación sobre “A”
HORDESCON, S.L.	-	-	-
ESQUEIRO, S.L.	6,00	1,00	7,00
NAROM, S.L.	20,00	3,00	23,00
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	22,00	2,00	24,00
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	20,00	3	23,00
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	18,00	2,00	20,00
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	18,00	2,00	20,00
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	18,00	2,00	20,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 23/12/2021 en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 21/12/2021, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación desta obra.



Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas, observando que as empresas HORDESCON, S.L. e ESQUEIRO, S.L., non superaron esa puntuación e polo tanto deben de ser excluídas deste procedemento.

Resultando.- Que os valores ofertados foron os seguintes:

Licitadores	Sobre B				
	Oferta económica	Control calidade	Prazo de garantía	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
NAROM, S.L.	218.011,77 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	206.609,68 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI	215.385,98 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	215.906,40 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	207.555,91 €	3%	36 MESES	SI	SI
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	205.000,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	217.278,44 €	3%	36 MESES	SI	SI

Resultando.- Que a continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Resultando.- Que requirida ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L. para que xustificara a oferta e precisara as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato, esta atendeu ó requirimento en prazo, emitindo informe o xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas ó efecto recollendo que a empresa ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L. NON xustifica de forma correcta a oferta económica desproporcionada (baixa temeraria) presentada pola mesma, e NON debe ser tida en consideración no proceso de adjudicación da obra.



Resultando.- Que en virtude das condicións establecidas no PCAP, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 13/01/2022 procedeu á valoración das ofertas económicas, das empresas que foron admitidas neste procedemento, sendo estas as seguintes:

Licitadores	Sobre "B"				Puntuación Sobre "B"
	Valoración Económica	Prazo de Garantía	Control Calidade	Certificados 9001/14001	
NAROM, S.L.	24,24	5,00	5,00	5,00	39,24
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	39,04	5,00	5,00	5,00	54,04
CONSTRUCCIONES FECHI	27,68	5,00	5,00	5,00	42,68
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	27,00	5,00	5,00	5,00	42,00
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	37,82	5,00	5,00	5,00	52,82
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	25,20	5,00	5,00	5,00	40,20

Resultando.- Que en virtude das puntuacións obtidas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 13 de xaneiro de 2022 acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución da obra “Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o PQ. 0+400”, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	24,00	54,04	78,04
2	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	20,00	52,82	72,82
3	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	25,00	42,00	67,00
4	CONSTRUCCIONES FECHI	23,00	42,68	65,68
5	NAROM, S.L.	23,00	39,24	62,24
6	CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	20,00	40,20	60,20



Resultando.- Que na mesma reunión e de conformidade coas puntuacións obtidas a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o PQ. 0+400*”, á empresa CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. figura inscrita no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia. Segundo se desprende dos datos recollidos nos citado rexistros a empresa cumpre os requisitos da clasificación, capacidade e solvencia recollidos no PCAP, non estando incurso en prohibición de contratar.

Resultando.- Que requirida CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A. para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 10.330,48 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 18/01/2022 e número de operación 202200011519.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “*...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluirá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...*”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir deste procedemento as ofertas presentadas polas empresas HORDESCON, S.L. e ESQUEIRO, S.L., pois non acadaron a valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas contidos nos sobres “A”.



2. Excluir deste procedemento a oferta presentada pola empresa ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non poden cumprir o contrato.
3. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A. (CIF A36008886), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o PQ. 0+400*”, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado.....	206.609,68 €
IVE (21%).....	43.388,03 €
Importe Total .....	249.997,71 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade do 3% do PEM.

4. Nomear director de obra á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Andrea Otero Otero.

O prazo de execución será de SEIS (6) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02.2021 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente:2021041514.



17.31202.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE EVOLUCIÓN E XESTIÓN DA REDE SMARTPEME DE PONTEVEDRA”.  
(Expte.2021041034)

Por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 26 de novembro de 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada do Servizo de evolución e xestión da rede Smartpeme de Pontevedra. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 29/11/2021. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 30-12-2021 procedeu a apertura dos sobres “A”, correspondente a documentación administrativa presentada polas empresas que participan neste procedemento aberto sendo as empresas admitidas as seguintes:

-KPMG Asesores SL (CIF B-82.498.650)

Así mesmo na mesma reunión procedeu a apertura electrónica da documentación dos sobres “B” correspondente aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor acordando dar traslado da mesma aos técnicos do Servizo de Novas Tecnoloxías para a súa valoración.

Con data 11/01/2022 o Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías emitiu informe de valoración correspondente aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

CRITERIO	Máximo	KPMG ASESORES SL
1.-Características da prestación dos servizos e planificación da actualización dos contidos	29,00	27,50
1.1.-Grao de desenvolvemento e madurez da metodoloxía para a prestación dos servizos	7,00	6,00
1.2.-Proposta da carteira de servizos de asesoramento	5,00	5,00
1.3.-Proposta de obradoiros de formación	5,00	5,00
1.4.-Proposta de actividades complementarias	5,00	5,00
1.5.-Plan de difusión	5,00	5,00
1.6.-Plan de actualización de canles online	2,00	1,50





2.-Control do servizo Smartpeme	12,00	10,50
2.1.-Metodoloxía de seguimento do servizo	3,00	3,00
2.2.-Plan de traballo	3,00	2,00
2.3.-Plan de calidade	3,00	2,50
2.4.-Órganos de dirección do servizo	2,00	2,00
2.5.-Entregables	1,00	1,00
<b>TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE B</b>	<b>41,00</b>	<b>38,00</b>

A Mesa de contratación na reunión do día 13/01/2022 prestou aprobación as citadas valoracións correspondentes aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor e na mesma sesión a Mesa de Contratación procedeu a apertura do sobre C correspondente aos criterios de valoración automática.

Os valores ofertados polas empresas admitidas constan no Certificado da Mesa de contratación con (CSV) DOY3JIO3Q0WG42XG.

Tras o exame das ofertas presentadas polas empresas admitidas, obsérvase que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a oferta presentada pola empresa KPMG Asesores SL presenta un valor anormal ou desproporcionado referente a oferta no seu conxunto polo que se lle requiriu para que xustifique a súa oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro económico, a ampliación do número mínimo anual de asesoramentos e as condicións especialmente favorables de que dispoña para executar a prestación.

A empresa KPMG Asesores SL presentou a xustificación da súa oferta no rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra dando traslado da mesma aos técnicos do Servizo de Novas Tecnoloxías para que emitan informe sobre a mesma.

Con data 19/01/2022 emitiu informe o Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías indicando que se consideran suficientes e razoadas as xustificacións realizadas pola empresa KPMG asesores SL considerándose polo tanto que o prezo ofertado se entende xustificado.



Procédese de seguido a efectuar a ponderación dos valores ofertados no sobre C de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas das empresas admitidas sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

Empresas	Puntuacións sobre C (criterios automáticos)				Total puntuación sobre C
	Prezo ofertado	Nº asesoramentos anuais	Certificación calidade	Ampliación nº talleres formativos	
KPMG Asesores SL	27,00	20,00	7,00	0,00	54,00

Sendo polo tanto as puntuacións totais:

Empresas	Puntuación sobre B	Total puntuación sobre C	Puntuación total (B+C)
KPMG Asesores SL	38,00	54,00	92,00

Á vista das puntuacións totais a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 20/01/2022 acordou:

1.- Aprobar a clasificación acadada polas ofertas presentadas polas empresas que concorren no procedemento aberto, que queda da seguinte forma:

Posición	Empresas	Puntuación total
1ª	KPMG Asesores SL	92,00

2.- Propór ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto, convocado para contratación do Servizo de evolución e xestión da rede Smartpeme de Pontevedra a empresa KPMG Asesores S.L.

Resultando que, mediante Resolución Presidencial con numero RP2022000356 requírese a empresa KPMG Asesores SL (CIF B-82.498.650), que formulou a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos que rexen a presente contratación, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que recibira o requirimento presentara a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos.

Resultando que, dentro do prazo establecido, a referida empresa presentou a documentación requirida a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra, que dita documentación cumpre cos requisitos establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas e técnicas e na Resolución Presidencial de requirimento, quedando polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia.



Así mesmo, depositou na Caixa da Deputación a garantía correspondente, por importe de 54.823,06 €segundo se acredita mediante carta de pago con número de operación 202200013962.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.-Adxudicar o contrato para a prestación do servizo de Servizo de evolución e xestión da rede Smartpeme de Pontevedra á empresa *KPMG Asesores SL* (CIF B-82.498.650), polo seguinte importe e de acordo coas seguintes condicións ofertadas:

1.- Prezo ofertado (sen IVE):

	Prezo unitario (sen IVE)	Nº unidades	Total (sen IVE) (Prezo unitario *Nº unidades)
Servizo de asesoramento	1.026.461,17 €/ano	1	1.026.461,17 €
Talleres formativos	200,00 €/taller	150	30.000,00 €
Actividades complementarias	5.000,00€ / actividade	8	40.000,00 €
<b>TOTAL OFERTADO (SEN IVE)</b>			<b>1.096.461,17 €</b>
IVE (21 %)			230.256,85 €
<b>TOTAL OFERTADO (IVE incluído)</b>			<b>1.326.718,02 €</b>

2. Número de asesoramentos anuais ofertados: 2.000 asesoramentos.

3.- A empresa KPMG Asesores SL dispón de Certificación que acredite a xestión e control da calidade relacionada co obxecto do contrato (UNE-EN ISO 9001 ou similar).

4. Número anual de talleres formativos ofertados a maiores do mínimo esixido nos pregos: 0.

O prazo de duración do contrato será de 12 meses contados desde o data de formalización do contrato establecéndose a posibilidade dunha prórroga cunha duración de 12 meses.

O contrato financiarase con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias e de acordo coa seguinte distribución:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2022 (10,5 meses)	22/926.9260.227.06	1.160.878,27 €
2023 (1,5 meses)	23/926.9260.227.06	165.839,75 €



Os gastos que se deriven do presente contrato correspondentes a anualidade 2023 quedarán condicionados a aprobación do orzamento do ano 2023 e a existencia de crédito axeitado e suficiente nas referidas aplicacións orzamentarias.

O pagamento do contrato efectuarase de conformidade cos fitos de facturación indicados na cláusula 5 d) do prego de cláusulas económico-administrativas.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2021041034		
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

18.31203.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES PARA CONCELLOS”. (Expte. 2021033561)

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local en relación co Padrón municipal e o Real Decreto 2612/1996, de 20 de decembro, pola que se modifica o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais, aprobado polo Real decreto 1690/1986, de 11 de xullo, establece no seus arts. 54 e 60 que toda persoa que viva en España está obrigada a inscribirse no padrón do municipio no que resida habitualmente e que os Concellos son os encargados da formación, actualización, revisión e custodia do padrón municipal, cuxa xestión debe ser realizada por medios informáticos.

Así mesmo a Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, regula o dereito dos cidadáns a relacionarse cas distintas administracións a través de medios electrónicos. Para asegurar este dereito, establécese a obriga das administracións públicas de prover os medios necesarios para facilitar este modo de interacción ca cidadanía.



A maioría das entidades locais da provincia, debido ás súas características, non contan con recursos propios suficientes para afrontar con éxito os requisitos que establece dita Lei. En previsión desta circunstancia, o artigo 36.1.g da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establece a competencia das Deputacións Provinciais na prestación de servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación inferior a 50.000 habitantes.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, en sesión ordinaria de data 29 de outubro de 2021, adoptou o acordo: “8.30914.-. Aprobar o expediente mediante tramitación anticipada, do procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, para a contratación do “*Servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos*”.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE con data 29 de outubro de 2021 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 31/10/2021. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 2 de decembro de 2021, procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes a documentación administrativa e do sobre B documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentada polas empresas que participan neste procedemento, acordando a Mesa de Contratación admitir as seguintes empresas:

AYTOS Soluciones Informáticas, S.L.U.(B-41632332)  
 ATM GRUPO MAGGIOLI S.L. (B-28798775)

Así mesmo, a Mesa de Contratación na reunión do día 2 decembro de 2021 acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “B” que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Novas Tecnoloxías, ao obxecto de que os técnicos do mesmo, avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

O Xefe do servizo de Novas Tecnoloxías con data 28/12/2021, emitiu informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polas empresas licitantes, sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

	Puntuación sobre B “xuízos de valor”
ATM GRUPO MAGGIOLI S.L.	20,75
AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS S.L.U.	37,75



A Mesa de contratación na reunión do día 13 de xaneiro de 2022 en base ao citado informe acordou prestar conformidade coas puntuacións acadadas polas empresas, chegando ambos licitadores a superar os 20 puntos necesarios segundo o establecido na cláusula 16.1 prego de cláusulas administrativas para proceder á apertura e valoración das propostas do sobre C.

As propostas presentadas polas empresas foron as seguintes:

Empresa: ATM GRUPO MAGGIOLI S.L. (B-28798775)

1.- Prezos unitarios anuais ofertados segundo tramo de poboación:

Tramo de poboación	Prezo unitario anual máximo (sen IVE)	Prezo unitario anual (sen IVE)	Nº concellos	Prezo total estimado por tramo (unitario*nº concellos tramo)
Ata 5.000 habitantes	1.726,00 €	1.131,65 €	23	26.027,93€
De 5000 a 7.500 habitantes	3.000,00 €	1.966,95 €	10	19.669,45€
De 7.501 a 10.000 habitantes	3.500,00 €	2.294,77 €	4	9.179,08€
De 10.001 a 15.000 habitantes	3.750,00 €	2.340,66 €	8	18.725,32€
De 15.001 a 20.000 habitantes	5.717,00 €	3.748,34€	7	26.238,39€
De 20.001 a 30.000 habitantes	6.000,00 €	3.933,89 €	6	23.603,34€
De 30.001 a 50.000 habitantes	10.000,00 €	6.556,48€	1	6.556,48€
Prezo total estimado anual				130.000,00€

2.- Mellora do valor obxectivo referente a dispoñibilidade da plataforma:

VALOR OBXECTIVO DE DISPOÑIBILIDADE DA PLATAFORMA	VALOR OFERTADO
99,995 %	x
99,00 %	
Outros	

3.- Mellora do valor obxectivo referente o rendemento da plataforma:

VALOR OBXECTIVO DE RENDEMENTO DA PLATAFORMA	VALOR OFERTADO
4 segundos	
3 segundos	
2 segundos	x



## 4.- Protección contra ataques de denegación de servicio

A empresa oferta sistema de protección Anti Dos/DDoS	SI <input checked="" type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>
--	--	------------------------------

Empresa: AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS S.L.U. (B-41.632.332)

## 1.- Prezos unitarios anuais ofertados segundo tramo de poboación:

Tramo de poboación	Prezo unitario anual máximo (sen IVE)	Prezo unitario anual (sen IVE)	Nº concellos	Prezo total estimado por tramo (unitario*nº concellos tramo)
Ata 5.000 habitantes	1.726,00 €	1.600,00€	23	36.800,00€
De 5000 a 7.500 habitantes	3.000,00 €	2.400,00€	10	24.000,00€
De 7.501 a 10.000 habitantes	3.500,00 €	2.500,00€	4	10.000,00€
De 10.001 a 15.000 habitantes	3.750,00 €	3.100,00€	8	24.800,00€
De 15.001 a 20.000 habitantes	5.717,00 €	3.400,00€	7	20.400,00€
De 20.001 a 30.000 habitantes	6.000,00 €	3.600,00€	6	25.200,00€
De 30.001 a 50.000 habitantes	10.000,00 €	2.500,00€	1	2.500,00€
Prezo total estimado anual				143.700,00€

## 2.- Mellora do valor obxectivo referente a dispoñibilidade da plataforma:

VALOR OBXECTIVO DE DISPOÑIBILIDADE DA PLATAFORMA	VALOR OFERTADO
99,995 %	x
99,00 %	
Outros	

## 3.- Mellora do valor obxectivo referente o rendemento da plataforma:

VALOR OBXECTIVO DE RENDEMENTO DA PLATAFORMA	VALOR OFERTADO
4 segundos	
3 segundos	
2 segundos	x

## 4.- Protección contra ataques de denegación de servicio:

A empresa oferta sistema de protección Anti Dos/DDoS	SI <input checked="" type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>
--	--	------------------------------



Feitas as valoración de acordo cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas administrativas, as puntuacións acadadas no sobre C foron as seguintes:

ATM GRUPO MAGGIOLI S.L. (B-28798775)	Oferta sobre C	Puntuacións
1.Prezo total estimado anual	130.000,00	40
2.Mellora do valor obxectivo referente a dispoñibilidade da plataforma	99,995%	6
3. Mellora do valor obxectivo referente o rendemento da plataforma	2 segundos	6
4. Protección contra ataques de denegación de servicio	Si oferta Sistema protección Anti Dos/DDos	8
	<b>TOTAL SOBRE C</b>	<b>60</b>

AYTOS SOLUCIONES INFORMATICAS SLU (B-41.632.332)	Oferta sobre C	
1. Prezo total estimado anual	143.700,00€	31,92
2. Mellora do valor obxectivo referente a dispoñibilidade da plataforma	99,995%	6
3. Mellora do valor obxectivo referente o rendemento da plataforma	2 segundos	6
4. Protección contra ataques de denegación de servicio	Si oferta Sistema protección Anti Dos/DDos	8
	<b>TOTAL SOBRE C</b>	<b>51,92</b>

A puntuación total acadada polas empresas no sobre B máis o sobre C, é a seguinte:

EMPRESAS	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL
ATM GRUPO MAGGIOLI S.L.	20,75	60	80,75
AYTOS SOLUCIONES INFORMATICAS SLU	37,75	51,92	89,67

A Mesa de Contratación acorda aprobar a clasificación das ofertas presentadas e admitidas no procedemento aberto convocado para contratación do servizo.

clasificación		Sobre B	Sobre C	total B+C
1	AYTOS SOLUCIONES INFORMATICAS SLU	37,75	51,92	89,67
2	ATM GRUPO MAGGIOLI S.L.	20,75	60	80,75

Por Resolución Presidencial nº2022000360 de data 21/01/2022, requírese á empresa AYTOS SOLUCIONES INFORMATICAS S.L.U. (B-41.632.332), para que achegue a documentación establecida no artigo 150.2 da LCSP.





Á empresa presenta a documentación requirida (REX\_WEB2022002419 de data 24/01/2022), entre a que se atopa a constitución da garantía definitiva por importe de 20.000€ que figura depositada na Caixa da Deputación co número de carta de pago nº 202200013429.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Adxudicar mediante procedemento aberto, o Servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos, á empresa AYTOS Soluciones Informáticas S.L.U.(B-41.632.332), polos seguintes prezos unitarios anuais segundo tramo de poboación:

Tramo de poboación	Prezo unitario anual máximo (sen IVE)	Prezo unitario anual (sen IVE)	Nº concellos	Prezo total estimado por tramo (unitario*nº concellos tramo)
Ata 5.000 habitantes	1.726,00 €	1.600,00€	23	36.800,00€
De 5000 a 7.500 habitantes	3.000,00 €	2.400,00€	10	24.000,00€
De 7.501 a 10.000 habitantes	3.500,00 €	2.500,00€	4	10.000,00€
De 10.001 a 15.000 habitantes	3.750,00 €	3.100,00€	8	24.800,00€
De 15.001 a 20.000 habitantes	5.717,00 €	3.400,00€	7	20.400,00€
De 20.001 a 30.000 habitantes	6.000,00 €	3.600,00€	6	25.200,00€
De 30.001 a 50.000 habitantes	10.000,00 €	2.500,00€	1	2.500,00€
Prezo total estimado anual				143.700,00€

E de acordo co seguinte detalle:

\_Mellora do valor obxectivo referente a dispoñibilidade da plataforma: 99,995%.

\_Mellora do valor obxectivo referente ao redendemento da plataforma: 2 segundos.

\_Protección contra ataques de denegación de servizo: a empresa oferta o sistema de protección Anti Dos/DDos.



SEGUNDO.-O prazo de duración será de dous anos a contar desde a data de formalización do contrato.

TERCEIRO.- As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación 926.9260.227.06 do vixente orzamento provincial quedando o importe correspondente ás anualidades 2023, 2024 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos correspondente e de acordo coa seguinte redistribución orzamentaria:

Anualidades	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2022	926.9260.227.06	211.750,00 €
2023	926.9260.227.06	242.000,00 €
2024	926.9260.227.06	30.250,00€

CUARTO.-Forma de pagamento: A Deputación realizará o pagamento á empresa contratista cunha periodicidade mensual, polos servizos prestados naquelas entidades locais implantadas. No caso de que se incorpore outro concello no período de facturación se prorrateará a factura polos servizos desfrutados.

Cada factura será detallada identificando o número de expediente, o obxecto do contrato, o período de facturación, o importe facturado e a entidade local.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2021033561	
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.



QUINTO.- Designar como responsable do contrato Juan Gabriel Fernández García de la Rocha, xefe do servizo de Novas Tecnoloxías.

19.31204.- PRÓRROGA DO CONTRATO FORMALIZADO PARA PRESTACIÓN DO “SERVIZO DE SOPORTE E MANTEMENTO PARA A INFRAESTRUTURA DE ALMACENAMENTO FORMADA POLAS CABINAS NETAPP DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”.  
 (Expte.2019042105)

Na sesión ordinaria do día 31 de xaneiro de 2020, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de *servizo de soporte e mantemento para a infraestrutura de almacenamento formada polas cabinas NETAPP da Deputación de Pontevedra* á empresa EDNON S.L.(NIF:B-36938009) polos prezos e valores ofertados, conforme ao seguinte:

Importe sen o IVE:	128.835,83 €
IVE (21%):	27.055,52€
Importe total ofertado:	155.891,35€

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 24 de febreiro de 2020 e o prazo de duración é de dous anos, a contar desde a sinatura do contrato. No caso de prórroga, esta terá unha duración de dous anos.

Con data 23 de novembro de 2021 o Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, co conforme da Deputada Delegada, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de dous anos, con efectos de 24 de febreiro de 2022 ata o 23 de febreiro de 2024.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 27 de outubro de 2021, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.



Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 18 de xaneiro do 2023, que conclúe o seguinte:

*En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, in-fórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato por dúas anualidades, desde o 24 de febreiro de 2022 ao 23 de febreiro de 2024. O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 24 de febreiro de 2022.*

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a prórroga do contrato do “servizo de soporte e mantemento para a infraestrutura de almacenamento formada polas cabinas NETAPP da Deputación de Pontevedra” subscrito coa empresa EDNON S.L.(NIF:B-36938009), durante o período 24 de febreiro de 2022 ata o 23 de febreiro 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2022	926.9260.227.23	66.663,13 €
2023	926.9260.227.23	77.945,68 €
2024	926.9260.227.23	11.282,54 €

Os importes do gasto correspondente ás anualidades 2023 e 2024 quedará condicionado á aprobación dos orzamentos dos respectivos exercicios e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.



20.31205.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CONSULTORES INFORMÁTICOS DE PONTEVEDRA, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO AO “MANTEMENTO, ASISTENCIA E APOIO DO SOFTWARE DE PADRÓN DE TAXAS DO ORAL, PARA O 2020 E 2021”. (Expte.2019040069) (Devogarán 2022001622)

Por Resolución Presidencial de data 20 de novembro de 2019 (CSV.- PQ6EEHOAEXBBAZ74), adxudicouse o contrato relativo a “*Servizo de mantemento, asistencia e apoio do software de padrón de taxas do ORAL, para os anos 2020 e 2021*” (Expte. 2019040069).

Para responder da realización deste servizo, a empresa CONSULTORES INFORMÁTICOS DE PONTEVEDRA, S.L. (CIF.- B-36100337), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 300,05€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201900200728 de data 11/11/2019.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer o prazo legalmente establecido para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa CONSULTORES INFORMÁTICOS DE PONTEVEDRA, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de mantemento, asistencia e apoio do software de padrón de taxas do ORAL, para os anos 2020 e 2021*” (Expte. 2019040069), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 300,05 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 11/11/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900200728.



21.31206.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA ESRI ESPAÑA, SOLUCIONES GEOESPACIALES, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO AO “SERVIZO DE MANTEMENTO, ASISTENCIA E APOIO DOS PRODUTOS ESRI PARA O ANO 2020 E 2021 (ARCGIS)”. (Expte.2019040244). (Devogarán 2022001918)

Por Resolución Presidencial de data 12 de novembro de 2021 (CSV.- GYAJMPCVEFTC9TN7), adxudicouse o contrato relativo a “*Servizo de mantemento, asistencia e apoio dos produtos ESRI para o ano 2020 e 2021*” (Expte. 2019040244).

Para responder da realización deste servizo, a entidade mercantil ESRI ESPAÑA, SOLUCIONES GEOESPACIALES, S.L. (CIF.- B-86900057), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 1.758,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201900197587 de data 04/11/2019.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer o prazo legalmente establecido para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade ESRI ESPAÑA, SOLUCIONES GEOESPACIALES, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de mantemento, asistencia e apoio dos produtos ESRI para o ano 2020 e 2021*” (Expte. 2019040244), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BANCO SABADELL*, por importe de 1.758,00 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 04/11/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900197587.



22.31207.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA BIOMERIEUX ESPAÑA, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO AO “SERVIZO DE MANTEMENTO DOS EQUIPOS APS ONE E MASTER CLAVE 09 SITUADOS NO LABORATORIO DE FITOPATOLOXÍA DA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA DE AREEIRO”. (Expte. 2018058234) (Devogarán2022001927).

Por Resolución Presidencial de data 18 de marzo de 2019 (Núm. Rex. 2019005062, de data 22/03/2019), adjudicouse o contrato relativo a “*Servizo de mantemento dos equipos APS ONE e MASTERCLAVE 09 do Laboratorio de Fitopatoloxía da Estación de Areeiro*” (Expte. 2018058234).

Para responder da realización deste servizo, a empresa BIOMERIEUX ESPAÑA, S.A. (CIF.- A-28664589), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adjudicación, por importe de 705,95€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201900047709 de data 11/03/2019.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer o prazo legalmente establecido para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa BIOMERIEUX ESPAÑA, S.A., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta De Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobado a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de mantemento dos equipos APS ONE e MASTERCLAVE 09 do Laboratorio de Fitopatoloxía da Estación de Areeiro*” (Expte. Núm. 2018058234), sen que existan obrigas pendentes.



Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *CRÉDITO Y CAUCIÓN*, por importe de 705,95 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 11/03/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900047709.

23.31208.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA SMART HUMAN LOGISTICS, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO AO “SERVIZO DE MANTEMENTO DO SISTEMA CORPORATIVO DE CONTROL HORARIO E DO PORTAL DO FUNCIONARIO (HARDWARE Y SOFTWARE) PARA O 2020 E 2021” (Expte. 2019041831) (Devogarán2022001988)

Por Resolución Presidencial de data 12 de decembro de 2019 (CSV.- BVVUWRULRNRC9KV1), adxudicouse o contrato relativo a “*Servizo de mantemento do sistema corporativo de control horario e do portal do funcionario (hardware e software) para o ano 2020 e 2021*” (Expte. 2019041831).

Para responder da realización deste servizo, a empresa SMART HUMAN LOGISTICS, S.L. (CIF.- B-82740549), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 2.482,33€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201900220414 de data 05/12/2019.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer o prazo legalmente establecido para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa SMART HUMAN LOGISTICS, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.





A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de mantemento do sistema corporativo de control horario e do portal do funcionario (hardware e software) para o ano 2020 e 2021*” (Expte.2019041831), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 2.482,33 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 05/12/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900220414.

24.31209.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOC. DE VECIÑOS FESTA DO CORPUS DO EIRADO DO SEÑAL DO CONCELLO DE CANGAS Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “REALIZACIÓN DUN ALTAR E ALFOMBRAS DE FLORES” (Expte.2021017823)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 02/07/2021 unha subvención a favor da *Asoc. de Veciños Festa do Corpus do Eirado do Señal*, con CIF: G-36.461.408, do *Concello de Cangas*, por un importe de 388,41 €, para a “Realización dun altar e alfombras de flores” con cargo á aplicación 21/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 17/01/2021 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

25.31210.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOC. FOLCLÓRICA AIRIÑOS DA LAGOA DO CONCELLO DE BAIONA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O “XXIV FESTIVAL FOLCLÓRICO BAIÑA ’21” (Expte. 2021015661)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 02/07/2021 unha subvención a favor da *Asoc. Folclórica Airiños da Lagoa*, con CIF: G-36.814.895, do *Concello de Baiona*, por un importe de 2.500,00 €, para o “XXIV Festival Folclórico Baiña ’21” con cargo á aplicación 21/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 17/01/2021 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



26.31211.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CÍRCULO CULTURAL RECREATIVO DE CHAPELA DO CONCELLO DE REDONDELA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O “X FESTIVAL DE CANCIÓNS HABANEIRAS E MÚSICA MARINEIRA” (Expte. 2021019888)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 02/07/2021 unha subvención a favor do *Círculo Cultural Recreativo de Chapela*, con CIF: G-36.015.451, do *Concello de Redondela*, por un importe de 2.500,00 €, para o “X Festival de corais de cancións habaneiras e música mariñeira”, con cargo á aplicación 21/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 18/01/2021 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

27.31212.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB BVB EN CONCEPTO DE “I TORNEO DE NADAL BOA VILA BASKET” (Expte.2021024975)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 13 de agosto de 2021 unha subvención a favor do *Club BVB*, con NIF: G94156056, do concello de Pontevedra, por un importe de 992,71 €, para o “I Torneo de Nadal Boa Vila Basket” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04.2021, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022002308 con data 21/01/22 do citado club renunciando á subvención debido a situación actual da COVID-19, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

28.31213.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CONCELLO DO NIGRÁN, DA AXUDA CONCEDIDA PARA A CREACIÓN, MANTEMENTO E REFORZO DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DIRIXIDAS AOS CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2021 (2021004010), APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 09/04/2021 (Expte. 2021009036)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de data 09/04/2021 unha subvención a favor do *Concello de Nigrán*, con CIF: P3603500D, por un importe de 6.981,18 €, para a “*Creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística dirixidas aos concellos e outras entidades locais da provincia de Pontevedra para o ano 2021*”, con cargo á aplicación 21/334.3340.462.04, e recibido escrito WEB-2022000875, con data 11/01/2022 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, dacordo co art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



29.31214.- Dar CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACION AGRUPACION MUSICAL DO ROSAL, DA AXUDA CONCEDIDA PARA LEVAR A CAVO O PROXECTO “CONTOS DE LEDICIAS COSTAS” (2021026365) DENTRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2021, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 28/05/2021 (Expte.2021004014)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de data 23/07/2021 unha subvención a favor da *Asociacion Agrupacion Musical do Rosal do Concello do Rosal*, con CIF: G-36027928, por un importe de 2.796,89 €, para o “*Contos de Leticias Costas*” con cargo á aplicación 21/334.3340.489.05, e recibido escrito WEB 2021049465, con data 22/12/2021 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, dacordo co art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

30.31215.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

a) Vista a relación de facturas con número 2022003121 que contén 3 facturas e por un importe de 27.324,25 € e con CSV: Z4W9AD7V64CB26I4, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 20 de xaneiro de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	27.324,25 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	27.324,25 €

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*



b) Vista a relación de facturas con número 2022003127 que contén 82 facturas e por un importe de 39.151,45 € e con CSV: 9I6F1S44CBDOW7UU, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 20 de xaneiro de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	39.830,79 €
Descontos do IRPF.....	679,34 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	39.151,45 €

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*

31.31216.- DEIXAR EN DISPONÍBLE O CRÉDITO, PREVIAMENTE COMPROMETIDO NO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN E DRENAXE EN CROAS, UVEIRAS E PAREDES”, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2020, COMO TRÁMITE PREVIO Á CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR REINVESTIMENTO DE BAIXA TEÓRICA AO CONCELLO DE VILABOA. (Expte.2020016199)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

*“En data 12/06/2020, mediante acordo da Xunta de Goberno número 15.29017, concedeuse ao Concello de Vilaboa, con cargo ao Plan Concellos 2020, unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva, por importe de 140.268,17 euros, con obxecto do financiamento do investimento “Pavimentación e drenaxe en Croas, Uveiras e Paredes” (EXPTE. 2020016199), cun orzamento polo mesmo importe.*

*En data 24/05/2021, mediante decreto da Alcaldía núm.2021-0296 adxudícase o contrato de obra “Pavimentación e drenaxe en Croas, Uveiras e Paredes” LOTE 1 no prezo de 57.205,69 euros; mediante decreto da Alcaldía núm. 2021-0298 adxudícase o contrato de obra “Pavimentación e drenaxe en Croas, Uveiras e Paredes” LOTE 2 no prezo de 21.563,77 euros; mediante decreto da Alcaldía núm. 2021-0297 adxudícase o contrato de obra “Pavimentación e drenaxe en Croas, Uveiras e Paredes” LOTE 3 no prezo de 44.349,55 euros. O que supón un importe de adxudicación total de 123.119,01€, e acumula unha baixa de 17.149,16 euros.*



*En data 10/11/2021, consta entrada na sede electrónica da Deputación cos números de rexistro WEB2021042799, WEB2021042801 e WEB2021042800, instancias xenéricas que incorpora decreto da alcaldía número 2021-0785 de data 10/11/2021, mediante o cal o Concello solicita poder dispoñer da baixa teórica acumulada dos lotes e constatada coa adxudicación por lotes do investimento “Pavimentación e drenaxe en Croas, Uveiras e Paredes” (expte.: 2020016199) para a súa posterior aplicación no financiamento de parte dos investimentos “Subministración brazo triturador para tractor”, “Subministración de equipamento de son” e “Acondicionamento de espazo libre para parque público en Canaval (Figueirido) modif.1\_lote 2”.*

*Asemade, o Concello, tal é como se reflexa na documentación aportada, se compromete a asumir con fondos propios as incidencias que supoñan un incremento do coste do investimento “Pavimentación e drenaxe en Croas, Uveiras e Paredes”.*

*Con fundamento en todo o antedito, SOLICITO que se deixe en dispoñible, na aplicación orzamentaria 2021/942.9425.762.45.2020 e no correspondente proxecto de gasto a contía que ascende a 17.149,16 euros, que se corresponde co remanente teórico constatado tras a adxudicación por lotes do contrato de obra “Pavimentación e drenaxe en Croas, Uveiras e Paredes” (expte. 2020016199) a fin de que este crédito se poida empregar posteriormente no financiamento de novos investimentos propostos pola entidade local.*

*Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.”*

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento provincial, e visto o informe favorable da intervención provincial, de data 17/01/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Deixar en dispoñible o crédito previamente comprometido, por un importe de 17.149,16 €, na aplicación orzamentaria 2022/942.9425.762.45.2020 e dentro do correspondente proxecto de gasto, como trámite previo á concesión de subvencións por reinvestimento de baixa teórica a favor do *Concello de Vilaboa*.

Desta forma, tras asumir o *Concello de Vilaboa* as posibles incidencias que se poidan producir durante a execución que dean lugar a un incremento do custe, o orzamento do investimento “Pavimentación e drenaxe en Croas, Uveiras e Paredes.” queda fixado definitivamente en 123.119,01 €.

- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilaboa*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



32.31217.- DEIXAR EN DISPOÑIBLE O CRÉDITO, PREVIAMENTE COMPROMETIDO NO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO EN SANTA MARTA”, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2020, COMO TRÁMITE PREVIO Á CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR REINVESTIMENTO DE BAIXA TEÓRICA AO CONCELLO DE VILABOIA. (Exppte.2020016203)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

*“En data 15/05/2020, mediante acordo da Xunta de Goberno número 19.28891, modificado en data 09/04/2021, mediante acordo da Xunta de Goberno número 40.30182, concedeuse ao Concello de Vilaboa, con cargo ao Plan Concellos 2020, unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva, por importe de 118.288,55 euros, con obxecto do financiamento do investimento “PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO EN SANTA MARTA (BÉRTOLA)” (EXPTE. 2020016203), cun orzamento polo mesmo importe.*

*En data 13/08/2021, mediante decreto da Alcaldía núm.2021-0546 adxudícase o contrato de obra “Pavimentación do Camiño de Santiago en Santa Marta (Bértola)” no prezo de 99.386,04 euros (IVE incluído), o que supón un importe de baixa na adxudicación de 18.902,51 euros.*

*En data 10/11/2021, consta entrada na sede electrónica da Deputación cos números de rexistro WEB2021042799, WEB2021042801 e WEB2021042800, instancias xenéricas que incorpora decreto da alcaldía número 2021-0785 de data 10/11/2021, mediante o cal o Concello solicita poder dispoñer da baixa teórica e constatada coa adxudicación do investimento “Pavimentación do Camiño de Santiago en Santa Marta (Bértola)” (exppte. 2020016203) para a súa posterior aplicación no financiamento de parte dos investimentos “Subministración brazo triturador para tractor”, “Subministración de equipamento de son” e “Acondicionamento de espazo libre para parque público en Canaval (Figueirido) modif.1\_lote 2”.*

*Asemade, o Concello, tal é como se reflexa na documentación aportada, se compromete a asumir con fondos propios as incidencias que supoñan un incremento do coste do investimento “Pavimentación do Camiño de Santiago en Santa Marta (Bértola)”.*

*Con fundamento en todo o antedito, SOLICITO que se deixe en dispoñible, na aplicación orzamentaria 2021/942.9425.762.45.2020 e no correspondente proxecto de gasto a contía que ascende a 18.902,51 euros, que se corresponde co remanente teórico constatado tras a adxudicación do contrato de obra “Pavimentación do Camiño de Santiago en Santa Marta” (exppte. 2020016203) a fin de que este crédito se poida empregar posteriormente no financiamento de novos investimentos propostos pola entidade local.*

*Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.”*



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento provincial, e visto o informe favorable da intervención provincial, de data 17/01/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Deixar en dispoñible o crédito previamente comprometido, por un importe de 18.902,51 €, na aplicación orzamentaria 2022/942.9425.762.45.2020 e dentro do correspondente proxecto de gasto, como trámite previo á concesión de subvencións por reinvestimento de baixa teórica a favor do *Concello de Vilaboa*.

Desta forma, tras asumir o *Concello de Vilaboa* as posibles incidencias que se poidan producir durante a execución que dean lugar a un incremento do custe, o orzamento do investimento “*Pavimentación do Camiño de Santiago en Santa Marta (Bérlola)*” queda fixado definitivamente en 99.386,04 euros.

- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilaboa*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

33.31218.- APROBACIÓN I ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A IMPLANTACIÓN, FORMACIÓN, SOPORTE E MANTENIMENTO DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA (Expte.2021066244)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación en sesión ordinaria do 16 de outubro de 2020, aprobou o “*Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica.*” (Exp. 2020036145), cuxa vixencia se estende ata o 1 de abril de 2022.

Segundo.- A pesar da entrada en vigor definitiva, o pasado 2 de abril de 2021, da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, (a seguir LPAC), a Deputación de Pontevedra, consciente da demanda e a importancia do servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para as Entidades Locais da provincia de Pontevedra, ten interese en dar continuidade ao devandito servizo a través da aprobación dunha prórroga, tal como ven recollido na cláusula décima do convenio, onde establece que o mesmo “*...poderá ser prorrogado de forma expresa a través de addendas, por períodos anuais ou inferiores, ata un máximo de catro anos conforme ao disposto no artigo 49, letra b) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.*”



Terceiro.- Que de conformidade co artigo 29.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (a seguir LCSP), mediante acordo da Xunta de Goberno en data 23 de decembro de 2021 prorrogouse o contrato que rexe a presentación do servizo para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da Provincia de Pontevedra (Exp. 2020029219) cuxa duración se estenderá ata o 10 de marzo de 2023, ao concorrer razóns de interese público que esixen a súa continuidade.

Cuarto.- No ámbito competencial, o artigo 36.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, atribúelle ás Deputacións competencias na prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación superior a 20.000 habitantes.

Por todo o exposto, e vistos os informes favorables do asesor xurídico do servizo de Novas Tecnoloxías e da Intervención e sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para aprobar a presente I Addenda, en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a I Addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica, co seguinte texto:

*“I ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A IMPLANTACIÓN, FORMACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.*

*En Pontevedra/ [o]*

#### INTERVEÑEN

*Dona María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local.*

*D<sup>a</sup>/D. [o], alcaldesa/ alcalde/ presidenta/ presidente do Concello/ Entidade Local de [o], actuando en representación do mesmo en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 124.1.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

*Dando fe do acto, D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.*

*Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar esta I addenda e, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre as administracións públicas,*

#### EXPOÑEN

*Primeiro.- Que con data 16 de outubro de 2020 aprobouse o convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica. (Expte. 2020036145).*





*Segundo.- Que a cláusula décima do convenio indica que a duración do mesmo poderá ser prorrogado de forma expresa a través da correspondente addenda, por períodos anuais ou inferiores, ata un máximo de catro (4) anos conforme ao disposto no artigo 49, letra b) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.*

*A tramitación, subscrición e efectos da prórroga que no seu caso se acorde efectuarase de acordo co previsto pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e co resto da normativa aplicable.*

*Terceiro.- Mediante acordo da Xunta de Goberno en data 23 de decembro de 2021, foi prorrogado o contrato para o servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra, Expte. nº 2020029219.*

*Cuarto.- Que o artigo 36.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece como competencia propia das Deputacións Provinciais dar soporte aos Concellos para a tramitación de procedementos administrativos e a realización de actividades materiais e de xestión.*

*Quinto.- Que a cooperación interadministrativa para a aplicación coordinada da normativa reguladora dunha determinada materia poderase plasmar a través dun convenio no que estean previstas as condicións e compromisos que asumen as partes que o subscriben, tal e como se preceptúa o artigo 144 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.*

*Sexto.- Que a Deputación de Pontevedra, consciente da grande demanda e a importancia do servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para 54 Concellos, 4 Mancomunidades e 6 Entidades Locais Menores adheridos ao convenio desexa estender, mediante esta I Addenda, o seu ámbito temporal de aplicación.*

*Sétimo.- Resultando de interese para as Entidades Locais continuar co servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica.*

#### ACORDAN

*PRIMEIRA.- Ampliación da vixencia do convenio*

*Ampliar a vixencia do convenio ata o 10 de marzo de 2023, data de finalización da prórroga do contrato para o servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra, Expte. nº 2020029219.*

*A vixencia do convenio de orixe non se estende máis do prazo de 4 anos establecido no art. 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.*

*SEGUNDA.- Efectos da I Addenda*

*A presente I Addenda producirá efectos dende a súa sinatura.*

*Salvo modificacións expostas na presente I Addenda, mantéñense plenamente en vigor todos e cada un dos termos e condicións do convenio.*



TERCEIRA.- Réxime Xurídico

*A regulación establecida nesta I Addenda axustarase, en todo e no especificamente regulado nela, ao réxime xurídico establecido nas cláusulas do convenio de colaboración do que trae causa.*

*E para que conste, e en proba de conformidade, asinan as persoas interviñentes a presente I Addenda ao “convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica”.*

*Asinada dixitalmente.”*

Segundo.- Facultar á presidenta para a formalización da mencionada I Addenda mediante a súa sinatura.

34.31219.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 31/07/2020 (Nº19.29213), POLO QUE SE CONCEDE AO CONCELLO DE SILLEDA, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2020 – LIÑA 1, UNHA SUBVENCIÓN CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE SILLEDA” (Expte.2020026013)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 29/11/2019, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020”, que recolle os procedementos para conceder subvencións a 59 municipios da provincia para financiar actuacións e investimentos, propostas que deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e as distintas das propias e as de delegación segundo o artigo 3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 02/01/2020.

En data 31/07/2020, mediante acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial 19.29213, concedeuse ao *Concello de Silleda*, polo procedemento de concorrencia non competitiva, subvención por importe de 250.000,00 euros, con destino ao financiamento do investimento “Mellora de vías municipais no Concello de Silleda” (expte.2020026013), cun orzamento de execución de contrata por importe de 250.000,00 euros.

En data 27/12/2021 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2021049749, escrito do Concello de Silleda achegando modificado do proxecto de obra denominado “*Mellora de vías municipais en Silleda*” (expte.2020026013), motivado na necesidade de corrixir o proxecto presentado inicialmente por advertirse un erro que facía inviable a súa execución coa valoración establecida.



Neste contexto, o concello achega un novo proxecto descritivo da actuación que se vai levar a cabo, cun orzamento por importe de 250.000,00 euros e certificado do acordo, da Xunta de Goberno Local celebrada na sesión do 26/01/2021, de aprobación do proxecto técnico rectificado.

Dando traslado á Intervención Provincial faise fincapé en que, se ben os motivos que xeran a modificación do acordo de concesión hanse de comunicar a esta Deputación tan pronto como teñan lugar, respectando así o principio de preclusión de todo expediente administrativo, acontece que esta obriga ha de terse en conta polo concello beneficiario para posteriores solicitudes de modificación e a súa efectiva aprobación.

Fundamentos xurídicos:

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo.
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

Consideracións Xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2020, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes. Asemade, establécese que o procedemento de concesión das axudas é o de concorrencia non competitiva.



#### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2020, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención.

#### Resolución do expediente:

- Artigos 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.  
A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2020, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 11/01/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 12/01/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención Provincial, de data 20/01/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Modificar o acordo de concesión núm. 19.29213 da Xunta de Goberno do día 31 de xullo de 2020, co obxecto substituír o proxecto de execución do investimento “*Mellora de vías municipais do Concello de Silleda*” (Expte.2020026013) aportado inicialmente e que figura no expediente polo novo proxecto presentado en data 27/12/2021 e aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/01/2021, aos efectos de que o investimento que se financia coa subvención da Deputación dentro do Plan Concellos 2020 poida ser executado nos termos establecidos polo concello.

A documentación achegada polo Concello cumpre cos requisitos establecidos nas bases reguladoras do Plan para a modificación do acordo de concesión. Non obstante, debe terse en conta, para as seguintes solicitudes de modificación do acordo de concesión que ao Concello beneficiario lle interese presentar, que ten a obriga de presentalas de forma inmediata á aparición das circunstancias que as motiven.

O resto do texto do acordo 19.29213, da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial do día 31 de xullo de 2020, permanece invariable.

- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Silleda*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia

35.31220.- MODIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 30/07/2021 (Nº23.30649), POLO QUE SE CONCEDE AO CONCELLO DE VALGA, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2021 – LIÑA 1, UNHA SUBVENCIÓN CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “CONSTRUCCIÓN DE PARQUE DE XOGOS INFANTÍS NO ENTORNO DA MINA MERCEDES. A TORRE. CAMPAÑA” (Expte. 2021016683)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 15/12/2020, aprobou as “*Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021*”, que recolle os procedementos para conceder subvencións a 59 municipios da provincia para financiar actuacións e investimentos, propostas que deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e as distintas das propias e as de



delegación segundo o artigo 3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 04/01/2021.

En data 31/07/2021, mediante acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial 23.30649, concedeuse ao *Concello de Valga*, polo procedemento de concorrencia non competitiva, subvención por importe de 102.335,94 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Construción de parque de xogos infantís no entorno da Mina Mercedes. A Torre. Campaña*” (expte.2021016683), cun orzamento de execución de contrata por importe de 102.335,94 euros. De conformidade coa base décima sétima das reguladoras do Plan concellos 2021, con posterioridade ao acordo ou resolución de concesión e antes de que conclúa o prazo para a realización das actividades ou investimentos obxecto de subvención, e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiros, poderase solicitar a modificación do contido sen variar a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada.

En data 07/01/2022 consta entrada na sede electrónica da Deputación, escrito do Concello de Valga achegando un novo proxecto descritivo da actuación “*Construción de parque de xogos infantís no entorno da Mina Mercedes. A Torre. Campaña*” (expte.2021016683).

Neste contexto, o concello achega certificado da Resolución de data 07/01/2022 de aprobación do proxecto técnico rectificadado, e motivado na incongruencia detectada na partida 5.1. do proxecto técnico presentado inicialmente, na que se fai mención a un parque de 80 m2 e aos seus elementos, cando nos planos e xustificación de prezos consta un parque de 300 m2.

Fundamentos xurídicos:

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).



- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo.
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

#### Consideracións Xurídicas:

##### Instrución do expediente:

- Base reguladora 16<sup>a</sup> do Plan Concellos 2021, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes. Asemade, establécese que o procedemento de concesión das axudas é o de concorrencia non competitiva.

##### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47<sup>a</sup> e 48<sup>a</sup> de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 16<sup>a</sup> do Plan Concellos 2020, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención.

##### Resolución do expediente:

- Artigos 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.



A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.

- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2020, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 07/01/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 17/01/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención Provincial, de data 21/01/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Modificar o acordo da Xunta de Goberno núm. 23.30649, de data 30 de xullo de 2021 co obxecto de substituír o proxecto de execución do investimento “*Construción de parque de xogos infantís no entorno da Miño Mercedes. A Torre. Campaña*” (expte.2021016683) aportado inicialmente, polo Concello de Valga, e que figura no expediente polo novo proxecto presentado en data 07/01/2022 (WEB2022000539) e aprobado por resolución de Alcaldía de data 07/01/2022 e número 2022-0001, aos efectos de que o investimento que se financia coa subvención da Deputación dentro do Plan Concellos 2021 poida ser executado nos termos establecidos polo concello.  
O resto do texto do acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial núm. 23.30649, de data 30 de xullo de 2021, permanece invariable.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Valga*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

36.31221.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DOS PROXECTOS E DIRECCIÓN DE OBRAS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR DOS PROXECTOS IDAE NÚMERO FEDER EELL2020004168, FEDER EELL2020004561, FEDER EELL2020004515, FEDER EELL2020004530 E FEDER EELL2020004626”. (Expte. 2021040008)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 8 de outubro de 2021, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “*Servizo de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos*”





IDAIE número FEDER EELL2020004168, FEDER EELL2020004561, FEDER EELL2020004515, FEDER EELL2020004530 E FEDER EELL2020004626”, cos seguintes lotes:

Número	Denominación
1	Iluminación exterior e sostible V (proxecto IDAE FEDER EELL2020004168): Municipios de Agolada, Baiona, Barro, Bueu e Caldas de Reis.
2	Iluminación exterior e sostible VI (proxecto IDAE FEDER EELL2020004561): Municipios de Cambados, Crecente, Forcarei, O Grove e A Guarda.
3	Iluminación exterior e sostible VII (proxecto IDAE FEDER EELL2020004515): Municipios de Marín, Meaño, Meis e Mondariz-Balneario.
4	Iluminación exterior e sostible VIII (proxecto IDAE FEDER EELL2020004530): Municipios de Mondariz, Moraña, Mos, Poio e Ponte Caldelas.
5	Iluminación exterior e sostible IX (proxecto IDAE FEDER EELL2020004626): Municipios de Portas, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Diario Oficial da Unión Europea e Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 13 de outubro de 2021. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 18 de novembro de 2021, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo do Cooperación.

Recibido informe do servizo do Cooperación, de data 14 de decembro do 2021 (CSV: YEK8K2O63V7GDRK1), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 16 de decembro de 2021, presta conformidade ás puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas.



Unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación observa que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a proposta da empresa LETTER INGENIEROS, S.L. (CIF: B-19.522.028) presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado para o conxunto dos proxectos que integran o lote 2 do contrato, polo que se lle require xustificación.

Achegada a documentación requirida, o servizo de Cooperación, mediante informe de data 28 de decembro do 2021, considera que a xustificación presentada pola empresa xustifica de forma correcta a súa oferta económica, polo que propuxo á Mesa de Contratación que fora admitida.

De conformidade co exposto, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 30 de decembro do 2021, acordou propor ao órgano de contratación a exclusión, no procedemento seguido para a adxudicación dos lotes 1, 2, 3, 4 e 5 do presente contrato, das empresas GALAICONTROL, S.L. (CIF: B36651487), PROYFE, S.L. (CIF: B15077233), ESPROIN Y MANTENIMIENTOS, S.L. (CIF: B06830939) e IDOM CONSULTING, ENGINEERING, ARCHITECTURE, S.A.U. (CIF: A48283964), polos motivos expostos na correspondente acta (CSV: WCJ0NGE5EHGIK0ZI). No mesmo acto, a Mesa de Contratación procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación o resto das ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación dos cinco lotes do contrato a favor da empresa LETTER INGENIEROS, S.L., polos prezos e valores ofertados para cada un dos lotes.

Mediante Resolución Presidencial número 2022000185, de 14 de xaneiro do 2022, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa LETTER INGENIEROS, S.L., que presenta a mellor oferta nos cinco lotes do contrato, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa LETTER INGENIEROS, S.L. (CIF: B-19.522.028) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB 2022002329, de data 21/01/2022), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva para cada un dos lotes do contrato polos seguintes importes:

Lotes	Importe garantía	Carta de pago núm. operación	Data
Lote 1	2.446,98 €.	202200013546	24/01/2022
Lote 2	2.400,58 €.	202200013547	24/01/2022
Lote 3	2.005,39 €.	202200013549	24/01/2022
Lote 4	1.882,67 €.	202200013544	24/01/2022
Lote 5	2.279,19 €.	202200013548	24/01/2022



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acordo por unanimidade:

1.- Excluir do procedemento aberto seguido para a contratación do “*Servizo de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos IDAE número FEDER EELL2020004168, FEDER EELL2020004561, FEDER EELL2020004515, FEDER EELL2020004530 E FEDER EELL2020004626*”, respecto aos lotes 1, 2, 3, 4 e 5, ás seguintes empresas, polos motivos que se relacionan:

Empresa	Motivo de exclusión:
GALAICONTROL, S.L. (CIF: B36651487)	<i>Incumprimento do establecido na cláusula 7.d) do prego administrativo, conforme a cal “Na documentación que se presente no sobre B non se poderá incluír ningún dato que permita intuír a proposta presentada nos criterios avaliábles de xeito automático (sobre C). O incumprimento deste requisito implicará a exclusión do procedemento.” A empresa indica que dispón do certificado ISO no sobre B.</i>
PROYFE, S.L. (CIF: B15077233)	<i>Incumprimento do establecido na cláusula 7.d) do prego administrativo, conforme a cal “Na documentación que se presente no sobre B non se poderá incluír ningún dato que permita intuír a proposta presentada nos criterios avaliábles de xeito automático (sobre C). O incumprimento deste requisito implicará a exclusión do procedemento.” A empresa indica que dispón do certificado ISO no sobre B.</i>
ESPROIN E MANTEMENTOS, S.L. (CIF: B06830939)	<i>Incumprimento da estrutura e contido esixidos respecto á proposta técnica na cláusula 7.d) do prego administrativo, segundo a cal “No caso de non seguir a estrutura ou o formato indicado, e que a forma de presentación dificulte ou provoque confusión á hora de localizar a documentación solicitada, imposibilite a comparación coas demais ofertas ou provoque vantaxes á empresa, e, polo tanto, non permita valorar a oferta de maneira clara e precisa, e respondendo o principio de igualdade na aplicación dos criterios de adxudicación, a mesa de contratación poderá excluír á mesma do proceso de licitación.” Incumprimento do establecido na cláusula 9.1 do prego administrativo, conforme a cal “Para continuar no proceso selectivo as e os licitadores deberán alcanzar un mínimo do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliábles mediante un xuízo de valor (sobre B).”</i>
IDOM CONSULTING, ENGINEERING, ARCHITECTURE, S.A.U. (CIF: A48283964)	<i>Incumprimento do establecido na cláusula 9.1 do prego administrativo, conforme a cal “Para continuar no proceso selectivo as e os licitadores deberán alcanzar un mínimo do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliábles mediante un xuízo de valor (sobre B).”</i>



2.- Adxudicar os cinco lotes do contrato “*Servizo de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos IDAE número FEDER EELL2020004168, FEDER EELL2020004561, FEDER EELL2020004515, FEDER EELL2020004530 E FEDER EELL2020004626*” á empresa LETTER INGENIEROS, S.L. (CIF: B-19.522.028) polos prezos e valores ofertados para cada un dos lotes, conforme ao seguinte:

Prezos:

Lote 1. Iluminación exterior e sostible V (proxecto IDAE FEDER EELL2020004168): Municipios de Agolada, Baiona, Barro, Bueu e Caldas de Reis:

Prezo total ofertado sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado
30.320,00 €	6.367,20 €	36.687,20 €

A porcentaxe de baixada resultante respecto ao prezo total de licitación do lote é do 38,046%, que aplicarase á totalidade dos prezos unitarios de licitación dos proxectos, resultando deste xeito os seguintes prezos unitarios ofertados:

Municipio	Proxecto de gasto	Prezo unitario ofertado (sen IVE)	IVE (21%)	Prezo unitario ofertado (co IVE)
Agolada	21_0009_V_AGOLADA "ILUMINACION EXTERIOR SOSTENIBLE V" (IDAE, FEDER_EELL_2020-004168)	6.088,89 €	1.278,67 €	7.367,56 €
Baiona	21_0010_V_BAIONA "ILUMINACION EXTERIOR SOSTENIBLE V" (IDAE, FEDER_EELL_2020-004168)	5.792,25 €	1.216,37 €	7.008,62 €
Barro	21_0011_V_BARRO "ILUMINACION EXTERIOR SOSTENIBLE V" (IDAE, FEDER_EELL_2020-004168)	5.853,57 €	1.229,25 €	7.082,82 €
Bueu	21_0012_V_BUEU "ILUMINACION EXTERIOR SOSTENIBLE V" (IDAE, FEDER_EELL_2020-004168)	5.639,17 €	1.184,22 €	6.823,39 €
Caldas de Reis	21_0013_V_CALDAS "ILUMINACION EXTERIOR SOSTENIBLE V" (IDAE, FEDER_EELL_2020-004168)	6.946,12 €	1.458,69 €	8.404,81 €



Lote 2. Iluminación exterior e sostible VI (proxecto IDAE FEDER EELL2020004561): Municipios de Cambados, Crecente, Forcarei, O Grove e A Guarda:

Prezo total ofertado sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado
29.750,00 €	6.247,50 €	35.997,50 €

A porcentaxe de baixada resultante respecto ao prezo total de licitación do lote é do 38,036%, que aplicarase á totalidade dos prezos unitarios de licitación dos proxectos, resultando deste xeito os seguintes prezos unitarios ofertados:

Municipio	Proxecto de gasto	Prezo unitario ofertado (sen IVE)	IVE (21%)	Prezo unitario ofertado (co IVE)
Cambados	21_0014_VI_CAMBADOS "ILUMINACION EXTERIOR SOSTENIBLE VI" (IDAE, FEDER_EELL_2020-004561)	7.666,57 €	1.609,98 €	9.276,55 €
Crecente	21_0015_VI_CRECENTE "ILUMINACION EXTERIOR SOSTENIBLE VI" (IDAE, FEDER_EELL_2020-004561)	6.068,03 €	1.274,29 €	7.342,32 €
Forcarei	21_0016_VI_FORCAREI "ILUMINACION EXTERIOR SOSTENIBLE VI" (IDAE, FEDER_EELL_2020-004561)	6.088,95 €	1.278,68 €	7.367,63 €
O Grove	21_0017_VI_O GROVE "ILUMINACION EXTERIOR SOSTENIBLE VI" (IDAE, FEDER_EELL_2020-004561)	8.481,54 €	1.781,12 €	10.262,66 €
A Guarda	21_0018_VI_A GUARDA "ILUMINACION EXTERIOR SOSTENIBLE VI" (IDAE, FEDER_EELL_2020-004561)	1.444,91 €	303,43 €	1.748,34 €



Lote 3. Iluminación exterior e sostible VII (proxecto IDAE FEDER EELL2020004515):  
Municipios de Marín, Meaño, Meis e Mondariz-Balneario:

Prezo total ofertado sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado
24.850,00 €	5,218,50 €	30.068,50€

A porcentaxe de baixada resultante respecto ao prezo total de licitación do lote é do 38,042%, que aplicarase á totalidade dos prezos unitarios de licitación dos proxectos, resultando deste xeito os seguintes prezos unitarios ofertados:

Municipio	Proxecto de gasto	Prezo unitario ofertado (sen IVE)	IVE (21%)	Prezo unitario ofertado (co IVE)
Marín	21_0019_VII_MARIN "ILUMINACION EXTERIOR SOSTENIBLE VII" (IDAE, FEDER_EELL_2020-004515)	7.441,69 €	1.562,75 €	9.004,44 €
Meaño	21_0020_VII_MEAÑO "ILUMINACION EXTERIOR SOSTENIBLE VII" (IDAE, FEDER_EELL_2020-004515)	6.388,34 €	1.341,55 €	7.729,89 €
Meis	21_0021_VII_MEIS "ILUMINACION EXTERIOR SOSTENIBLE VII" (IDAE, FEDER_EELL_2020-004515)	6.060,77 €	1.272,76 €	7.333,53 €
Mondariz-Balneario	21_0022_VII_MONDARIZ BALN "ILUMINACION EXTERIOR SOSTENIBLE VII" (IDAE, FEDER_EELL_2020-004515)	4.959,21 €	1.041,43 €	6.000,64 €



Lote 4. Iluminación exterior e sostible VIII (proxecto IDAE FEDER EELL2020004530): Municipios de Mondariz, Moraña, Mos, Poio e Ponte Caldelas:

Prezo total ofertado sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado
23.330,00 €	4.899,30€	28.229,30€

A porcentaxe de baixada resultante respecto ao prezo total de licitación do lote é do 38,040%, que aplicarase á totalidade dos prezos unitarios de licitación dos proxectos, resultando deste xeito os seguintes prezos unitarios ofertados:

Municipio	Proxecto de gasto	Prezo unitario ofertado (sen IVE)	IVE (21%)	Prezo unitario ofertado (co IVE)
Mondariz	21_0023_VIII_MONDARIZ "ILUMINACION EXTERIOR SOSTENIBLE VIII" (IDAE, FEDER_EELL_2020-004530)	4.292,31 €	901,38 €	5.193,69 €
Moraña	21_0024_VIII_MORAÑA "ILUMINACION EXTERIOR SOSTENIBLE VIII" (IDAE, FEDER_EELL_2020-004530)	4.204,83 €	883,01 €	5.087,84 €
Mos	21_0025_VIII_MOS "ILUMINACION EXTERIOR SOSTENIBLE VIII" (IDAE, FEDER_EELL_2020-004530)	2.904,95 €	610,04 €	3.514,99 €
Poio	21_0026_VIII_POIO "ILUMINACION EXTERIOR SOSTENIBLE VIII" (IDAE, FEDER_EELL_2020-004530)	6.185,99 €	1.299,06 €	7.485,05 €
Ponte Caldelas	21_0027_VIII_PONTECALDELAS "ILUMINACION EXTERIOR SOSTENIBLE VIII" (IDAE, FEDER_EELL_2020-004530)	5.741,93 €	1.205,80 €	6.947,73 €

Lote 5. Iluminación exterior e sostible IX (proxecto IDAE FEDER EELL2020004626): Municipios de Portas, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa:

Prezo total ofertado sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado
28.240,00 €	5.930,40€	34.170,40€



A porcentaxe de baixada resultante respecto ao prezo total de licitación do lote é do 38,048%, que aplicarase á totalidade dos prezos unitarios de licitación dos proxectos, resultando deste xeito os seguintes prezos unitarios ofertados:

Municipio	Proxecto de gasto	Prezo unitario ofertado (sen IVE)	IVE (21%)	Prezo unitario ofertado (co IVE)
Portas	21_0028_IX_PORTAS "ILUMINACION EXTERIOR SOSTENIBLE IX" (IDAE, FEDER_EELL_2020-004626)	9.084,54 €	1.907,75 €	10.992,29 €
Valga	21_0029_IX_VALGA "ILUMINACION EXTERIOR SOSTENIBLE IX" (IDAE, FEDER_EELL_2020-004626)	6.048,26 €	1.270,14 €	7.318,40 €
Vilanova de Arousa	21_0030_IX_VILANOVA "ILUMINACION EXTERIOR SOSTENIBLE IX" (IDAE, FEDER_EELL_2020-004626)	6.518,89 €	1.368,97 €	7.887,86 €
Vilagarcía de Arousa	21_0028_IX_VILAGARCÍA "ILUMINACION EXTERIOR SOSTENIBLE IX" (IDAE, FEDER_EELL_2020-004626)	6.588,31 €	1.383,54 €	7.971,85 €

Prazo de execución:

Fase I.- Redacción dos proxectos:

2 meses, contados desde a formalización do contrato.

Finalizado este prazo, establécese un prazo de 15 días hábiles destinado á revisión dos proxectos e documentación por parte da Deputación de Pontevedra, e, no caso de que se efectúen requirimentos, observacións ou solicitudes por parte da Deputación, establecece un prazo de 10 días hábiles para contestar ou realizar as correccións, modificacións e achega de documentación que se consideren necesarias.

Fase II.- Dirección das obras:

Esta fase axustarase e coincidirá co prazo de execución das correspondentes obras, comenzando desde a sinatura das correspondentes actas de comprobación do replanteo.

Se estima que os prazos de execución das obras non excederán de 7 meses.

Fase III.- Emisión dos informes de devolución de garantía e liquidación do contrato:

O prazo de duración desta fase será ata a liquidación do contrato principal de obra, sen prexuízo do deber de entregar o informe previo á devolución da garantía do contratista da obra, e de prestar a asistencia técnica necesaria que puidera requirir a Deputación de Pontevedra durante o período de garantía do contrato de obra.





Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 22/942.1650.652.15/2021 do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

Honorarios de redacción dos proxectos:

O 50 % dos honorarios correspondentes a cada un dos proxectos que integren o lote aboaranse unha vez se presente o proxecto e sexa supervisado de xeito favorable polos servizos técnicos da Deputación, previa presentación de factura.

Honorarios de dirección das obras:

O 45 % dos honorarios correspondentes a cada un dos proxectos que integren o lote aboaranse mediante pagos mensuais no mesmo porcentaxe de execución das obras obxecto de dirección facultativa, previa presentación de factura unha vez se presente a correspondente certificación de obra.

Honorarios de emisión dos informes de devolución de garantía e liquidación do contrato:

O 5 % dos honorarios correspondentes a cada un dos proxectos que integren o lote aboaranse unha vez transcorrido o período de garantía da obra e emitido o pertinente informe respecto á devolución da garantía e liquidación do contrato, previa presentación de factura.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2021040008	
Órgano xestor:	LA0006138	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.



Responsable do contrato: Marina Piñeiro Novo, xefa do servizo de Cooperación.

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

37.31222.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

38.31223.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

